# PROGRAMACIÓN

# DIDÁCTICA

# EDUCACIÓN

# MUSICAL

# 1º CURSO

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE A.R.CADARSO

ANO ACADÉMICO: 2021-22

ÍNDICE:

1.- Introdución e medidas especiais ante o covid......................................páx. 3

2.- A Educación artística........................................................................ páx. 9

3.- As competencias clave........................................................................páx. 12

4.- A atención á diversidade...................................................................páx. 26

5.- Contidos transversais .......................................................................páx. 27

6.- A avaliación na Educación Primaria............................................... .....páx. 28

7.- A metodoloxía didáctica ....................................................................páx. 32

8.- Contidos.............................................................................................páx. 34

9.- Criterios de avaliación.......................................................................páx. 35

10.- Estándares de aprendizaxe ..............................................................páx.36

11.- Secuenciación dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias básicas e criterios mínimos por trimestre.............................páx. 38

## 1.- INTRODUCCIÓN.

Esta programación é un proxecto que pretende acadar unha serie de intencións educativas previstas: obxectivos e competencias básicas. Este feito será posible a través do establecemento dunhas propostas educativas concretas, que redundou na elaboración dunha secuencia de unidades didácticas que configurou as programacións de aula e que ten como fin o traballo dos contidos establecidos para o curso en cuestión. Dedúcese polo tanto unha necesidade de planificación e de orde, que se antollan fundamentais no proceso de ensino – aprendizaxe.

Pola natureza dos seus compoñentes, esta programación non é un documento pechado, senón provisto de dúas condicións esenciais: apertura e flexibilidade. Estas dúas pautas permitirán o manexo de situacións imprevistas, a toma de camiños alternativos ou a posibilidade de introducir melloras mediante un proceso continuo de retroalimentación.

Aínda que xa implícitos na formulación dos obxectivos e nas competencias básicas, debemos resaltar que este plan de acción pretendeu unha especial consideración a aspectos que afectan á Natureza, á Sociedade en xeral e ao Individuo en particular pola súa importancia e o seu carácter acuciante no entorno do alumnado, polo tanto é patente o compromiso cun enfoque interdisciplinar e globalizado e coa educación en valores.

O centro para o que se propón a programación eríxese no municipio costeiro de Noia, situado na Ría de Muros e Noia, na provincia de A Coruña. O estrato socio-económico xeral é medio-baixo, adicándose unha alta porcentaxe dos pais a tarefas relacionadas co marisqueo e o comercio. Dado o interese turístico da zona, tamén hai pais e nais propietarios de negocios de hostalería.

A disposición horaria do centro é: xornada continuada de 9’30 a 14’30 horas. No que atinxe ao ámbito sociolingüístico, cabe sinalar que a tendencia destes últimos anos é a que lingua máis utilizada é o castelán .

A nivel musical existe conservatorio local, dúas academias privadas de música, clases de música e baile tradicional, ballet e baile moderno.

Debido ás condicións especiais deste curso, polo Covid 19, a antedita programación farase efectiva seguindo as instrucións da orde do 30 de xullo. Para elo

terase en conta que, principalmente, o primeiro trimestre será un tempo de reforzo das aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

Logo de lido o informe final individualizado do curso anterior, procederase a realizar a avaliación inicial, e, coa información obtida, procederase a reforzar as aprendizaxes e competencias non acadadas do curso anterior, utilizando metodoloxías globais que promovan a aprendizaxe cooperativa, o uso das tics, a autoaprendizaxe, o pensamento crítico, creativo e a investigación a través do traballo por proxectos.

Especial atención prestarase aos problemas que pode ocasionar o canto ou os instrumentos de vento, que tan só se utilizarán de xeito individual a distancia de 3 metros do resto do grupo, ou de xeito grupal, no exterior e coa distancia citada.

E atendendo sempre a unha posible semipresencialidade, ou non presencialidade, tódolos contidos posibles serán presentados a través da Aula virtual do centro, para habitualos a ser usuarios cotiás de dita ferramenta, tal e como se fixo o curso anterior.

## MARCO LEGAL:

- LOE Texto consolidado coas incorporacións da LOMCE (BOE 30-12-2013)
- LOMCE Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei Orgánica 2/2006 de Educación do 3 de maio
- Decreto 105/2014 do 4 de Setembro, polo que establece o currículo para a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación.
- Orde do 6 de outubro de 1995 sobre regulación do reforzo educativo e a adaptación curricular.
- Decreto 320 do 26 de xullo de 1996 de ordenación da educación de alumnado con necesidades educativa especiais.
-

## A TEMPORALIZACIÓN

Seguirase o calendario escolar do presente curso, observamos que disporemos de aproximadamente unhas trinta e cinco sesións para a súa aplicación, tendo en conta a posibilidade de festivos locais, saídas...etc.

## A AULA DE MÚSICA:

Sitúase no andar primeiro do edificio do centro.. A súa disposición será acorde coa metodoloxía  a empregar**,** procurarase unha boa organización espacial, facilitando espazos de traballo en grupo e organizando os recursos materiais de xeito que estean accesibles cando sexa preciso, pero recollidos cando non. A aula está distribuída da seguinte maneira***:*** as cadeiras con paleta dos alumnos dispóñense en filas ocupando a parte dianteira da aula, orientadas cara a pizarra que se dispón na parte frontal. O espazo posterior destinarase á práctica vocal, instrumental (orquestra Orff), corporal, traballos colectivos, etc Na marxe dereita da aula hai armarios e mesas para gardar instrumentos, materiais e libretas. Isto facilitará ter a aula ordenada. Na  marxe esquerda da aula está a mesa de traballo do mestre onde dispoñemos do ordenador conectado ó canón proxector, o equipo de son, e o teclado. Fóra da aula, na biblioteca contamos cuns andeis en forma de pentagrama onde poden gozar de lecturas relacionadas coa música e dos audiocds. Contamos cun local á parte onde realizamos radio escolar nos recreos, agás os venres, que abrimos a aula de música para que os que queiran poidan actuar cantando, bailando ou tocando o seu instrumento. Aínda que este ano, todo o anterior está condicionado polas normas covid de distanciamento e desinfección.

## A EDUCACIÓN PRIMARIA

A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e as aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## OS PRINCIPIOS DIDÁCTICOS

Analizando as orientacións xerais da etapa e as específicas para a área de Música extráense un conxunto de principios marco que describimos a continuación:

*1.- Promover o desenvolvemento de competencias básicas*

Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles aos alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse dun xeito eficaz na sociedade en que viven.

Os currículos actuais subliñan nos obxectivos xerais da etapa, nos obxectivos das áreas e nos criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, procura e selección de información significativa etc.) que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma.

A LOMCE xa identifica, nos compoñentes do currículo, as competencias básicas. As competencias van constituír un referente de capacidade nos alumnos para saber facer, para obrar; serán concretadas na área de Música, que é a que nos ocupa e configurarán un dos eixes esenciais para guiar o proceso de

ensinanza aprendizaxe e o proceso avaliador.

*2. Considerar o nivel de capacidade do alumno*

Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos.

*3. Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos por medio do enfoque globalizador*

A área é a forma básica de estruturación dos contidos en primaria. Esta forma de organización curricular facilita o seu tratamento rigoroso e contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Isto pode facerse *tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas que comentamos*; tamén e máis concretamente, por medio dos contidos comúns transversais que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento que se nos presenten.

*4. Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación*

Diversas investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento do alumnado. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial.

Os obxectivos da etapa, os obxectivos das áreas e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensinanza aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

## A METODOLOXÍA EDUCATIVA

Baséase nos principios de intervención educativa que concretamos do seguinte

xeito:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, para construír outras aprendizaxes que o favorezan e melloren.
- Destácase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas no traballo da área que nos ocupa.
- Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan.
- Facilítanse as oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu.

Estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan quen de aprender de forma autónoma.

## 2.- A EDUCACIÓN ARTÍSTICA

A expresión artística é connatural ás persoas desde a orixe dos tempos como medio de comunicación, vía para descargar enerxías, actividade pracenteira, evasión ou instrumento para acadar o equilibrio interior, posibilidade de lograr unha aprendizaxe emocional ou forma de cuestionar o establecido.

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no medio e na vida privada e pública das persoas. As artes son imprescindibles no desenvolvemento expresivo individual e social e son parte esencial do patrimonio cultural. Con elas somos quen de darlle forma á nosa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción; con elas participamos en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construción da identidade persoal e social, con elas conformamos a identidade nacional, e mantemos un diálogo aberto e constante coas outras culturas, proporcionando espazos de relación nos cales flúen experiencias, significados, emocións, sentimentos, ideas e pensamentos.

Na educación primaria, a área de Música desenvolverá as capacidades básicas relacionadas coa percepción e interpretación das representacións musicais e coa expresión de pensamentos, sentimentos e emocións; é dicir, desenvolverá a dimensión comunicativa dos procesos artísticos.

A linguaxe musical constitúe un ámbito artístico específico con características propias. No ámbito da música e dos eixes en que se articula a área (percepción e expresión) distribúense os contidos en dous bloques.

Esta maneira de estruturar o conxunto de contidos da área non indica en absoluto que se deban desenvolver independentemente uns doutros, o que queda de manifesto ao comprobar a interrelación que existe entre eles.

O *bloque 1 Escoita*, recolle os contidos relacionados co desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva.

O *bloque 2 Interpretación musical*, aborda o desenvolvemento de habilidades técnicas e de capacidades vinculadas coa interpretación e coa improvisación e a creación de distintas producións musicais resultantes da exploración, da selección e da combinación de movementos e de sons.

*O bloque 3 A música, o movemento e a danza,* está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

Os elementos da música e os seus referentes culturais non se disocian dela; por isto, tanto os contidos da linguaxe musical coma os referidos á música como expresión cultural están explícitos ou implícitos nos dous bloques.

A actividade do alumnado é moi importante para que esa aprendizaxe se produza. Non se trata só dunha actividade externa, senón, e fundamentalmente, dunha actividade mental que lle permita formular interrogantes e buscar estratexias para resolvelos, relacionar o que sabe co novo que se lle presenta e abordar novas propostas nas que a percepción, expresión, reflexión e intercambio de ideas formarán parte esencial do proceso de aprendizaxe. O traballo artístico deberá partir da experiencia persoal, dos saberes que o alumnado posúe social e colectivamente e da investigación e recoñecemento das propias características e posibilidades. A progresión do alumnado require de estratexias persoalizadas que lle permitan avanzar e afianzar destrezas, coñecementos e actitudes no ámbito musical. Neste contexto debe estar presente a loita contra os estereotipos e os roles preestablecidos, polo que se deben proporcionar oportunidades, alternativas e recursos múltiples que faciliten a

reflexión e o desenvolvemento do xuízo crítico.

**OBXECTIVOS DA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.**

1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

2. Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.

3. Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilizalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.

4. Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.

5. Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

6. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións musicais.

7. Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.

8. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, a busca de información e a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.

9. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.

10. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

11. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

12. Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

13. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo dos artistas e gozando como público na observación e recreación das súas propias producións.

14. Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

## **3.- AS COMPETENCIAS CLAVE**

As competencias clave da educación primaria son o conxunto de destrezas, coñecementos e actitudes axeitadas ao contexto que todo o alumnado debe alcanzar para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a integración social.

Segundo o establecido na ORDEdo23dexullode2014polaqueseregulaaimplantaciónparaocurso2014/15deedu

caciónprimarianaComunidadeAutónomadeGalicia,segundoocalendariodeaplicació ndaLeiorgánica8/2013,paraamelloradacalidadeeducativa, as competencias clavedo currículo seránas seguintes:

1ª. Comunicaciónlingüística(CCL).
2ª. Competenciamatemáticae competencias básicas en cienciae tecnoloxía(CMCT).
3ª. Competenciadixital(CD).
4ª.Aprenderaaprender(CAA).
5ª. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6ª. Sentidodeiniciativaeespíritoemprendedor(CSIEE).
7ª. Concienciaeexpresións culturais (CCEC).

### Competencia en comunicación lingüística

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

*Achegas á área de Música:*

Permite o aumento significativo da riqueza en vocabulario específico; a participación en intercambios comunicativos sobre experiencias de audición e interpretación (coloquios, debates, diálogos); a descrición de procesos de traballo; a argumentación sobre as solucións dadas ou na valoración da obra artístico musical e o achegamento a textos variados (informativos, narrativos, descritivos) nos que se presente información sobre autores, intérpretes, épocas, estilos. Por outro lado, a linguaxe literaria presenta multitude de figuras retóricas (metáfora, sinestesia, onomatopea) de indubidable proxección e interese para o traballo de educación musical.

**Competencias matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

*Achegas á área de Música:*

As experiencias levadas adiante por medio da Educación Artística van favorecer a percepción, estruturación e representación de contidos de concepto, procedemento e actitude ligados á percepción e estruturación do espazo (danza) e do tempo (ritmo). Fai posible o estudo e comparación de materiais empregados na área e a súa relación con prezos e ofertas puntuais, o que implica educación para o consumo, ámbito formativo que tamén pode atopar en Educación artístico-musical un referente esencial para o seu estímulo.

- Coñecer, valorar e gozar do medio natural, social e cultural; as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

*Achegas á área de Música:*

Estimular a apreciación do medio a través do traballo perceptivo e representativo con sons, ruídos e movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas. O medio pode ser pretexto para a creación artística; o traballo de educación musical explórao e incorpórao recreándoo para darlle unha dimensión que proporcione gozo e contribúa ao enriquecemento da vida das persoas. Por outra parte, a Educación artística musical ten en conta outra dimensión igualmente importante, a que compete ás agresións que deterioran a calidade de vida, como a contaminación acústica e a necesidade de contribuír a preservar un medio físico agradable e saudable.

**COMPETENCIA DIXITAL**

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Iniciarse en la utilización para el aprendizaxe de las tecnoloxías de la información e de comunicación desatrollando un espírito crítico ante los mensaxes que recibe e elabora.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar la información.

*Achegas á área de Música:*

A Educación artístico musical dá pulo á utilización básica do ordenador e do conxunto de tecnoloxías da información e comunicación para amosar procesos relacionados coas artes (acceso, observación e expresión). Permite a creación de producións artísticas integrando distintas linguaxes (plástica, visual, verbal, musical), a análise da imaxe, do son e das mensaxes que estes transmiten, a procura de información sobre manifestacións artísticas próximas á localidade onde está o centro ou a aquelas que se celebren na Comunidade de Galicia para o seu coñecemento e gozo do alumnado, e, tamén, á selección ou intercambio de informacións referidas a creacións musicais do pasado e do presente doutros pobos, culturas e momentos. O seu emprego facilitará o achegamento, aprecio e consideración da obra musical como manifestación artística dentro dun determinado contexto sociocultural e a súa achega á cultura e pautas de vida da Comunidade de Galicia e do conxunto do Estado. Os traballos orientados a impulsar esta competencia incidirán na procura, selección, valoración, gravación e análise de propostas de raíces, instrumentos e autores.

**COMPETENCIA SOCIAIS E CÍVICA**

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer e apreciar os valores e as normas da convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e

nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona o alumnado.
- Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, valorar e gozar do seu contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

*Achegas á área de Música:*

A área favorece a cooperación, a asunción de responsabilidades, o seguimento de normas e instrucións, o coidado e conservación de materiais e instrumentos. No ámbito da educación artística, a interpretación e a creación musical supón, en moitas ocasións, un traballo en equipo. O seguimento destes requisitos forma no compromiso cos demais, na esixencia que ten a realización en grupo, e na satisfacción que proporciona un produto que é froito do esforzo común. A planificación e realización de producións artístico musicais de forma cooperativa permite e esixe ir asumindo distintas funcións e colaborar na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final satisfactorio. O desenvolvemento desta competencia permitirá que os alumnos cheguen a participar de maneira máis activa en manifestacións vocais, instrumentais ou coreográficas relacionadas coa expresión de sentimentos e emocións propias e colectivas.

### CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, e as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de gozo nas súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.

*Achegas á área de Música:*

Destacable resulta a achega da *competencia cultural e artística*. Así, o noso proxecto estuda os diferentes códigos artísticos, técnicas e recursos propios da audición e da expresión musical, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que o rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. Ademais, a posibilidade de representar unha idea, emoción ou sentimento de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes musical e corporal proporcionan.

A Comunidade de Galicia posúe un patrimonio cultural e artístico de enorme valor e proxección, representado por obras de indubidable interese estatal e universal. Ao tempo, os acontecementos artísticos de actualidade que nela teñen lugar (exposicións, feiras, certames) configuran un medio de gran riqueza e potencialidade para favorecer no alumnado o interese por gozar e aprender a través da arte. O desenvolvemento da área na súa dimensión musical achega os coñecementos esenciais para que o alumno chegue a analizar, sintetizar e valorar as manifestacións musicais máis significativas do folclore, da música popular, da música culta e da contribución que todas elas poden facer á vida persoal e á da Comunidade de Galicia. A materialización desta competencia favorecerá o coñecemento e aprecio de obras do folclore popular galego e de diferentes épocas e estilos, autores e intérpretes recoñecidos na Comunidade, no

conxunto do territorio español e de transcendencia e repercusión europea e intercontinental.

En conxunto, o labor educativo exercido desde a Música favorece o coñecemento, a comprensión e a valoración das manifestacións artístico musicais do patrimonio cultural propio e doutros pobos. Poden colaborar na conservación e renovación das formas de expresión locais, autonómicas e estatais, estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo medio.

### COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

*Achegas á área de Música:*

O traballo de pescuda sobre propostas musicais fai preciso a busca, no establecemento de pautas de análise e síntese, de inferencias e de avaliación crítica. Neste sentido, a área ha proporcionar protocolos de investigación e planificación de procesos susceptibles de seren empregados noutras aprendizaxes. O esforzo, o traballo constante e a disciplina que acompañan a boa práctica musical, tamén constitúen referentes de gran valor para estimular o aprender a aprender.

### SENTIDO DE INCIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios

para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona.
- Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da persoalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

*Achegas á área de Música:*

As situacións de observación, escoita e expresión artístico musical favorecen o coñecemento dun mesmo, dos propios intereses, emocións e sentimentos, a exploración e pescuda dos mecanismos apropiados para definir posibilidades, a procura de solucións, o adquirir coñecementos e a elaboración de plans. Ao facer a exploración e pescuda dos mecanismos apropiados para definir posibilidades, buscar solucións e adquirir coñecementos, promóvese de forma relevante a autonomía e iniciativa persoal. O proceso que leva ao alumno desde a exploración inicial ata o produto final require unha planificación previa e demanda un esforzo por acadar resultados orixinais, non estereotipados. Por outra parte, esixe a elección de recursos tendo presente a intencionalidade expresiva do produto que se desexa lograr e a revisión constante do que se fixo en cada fase do proceso coa idea de melloralo se fose preciso. A creatividade esixe obrar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que tamén xera flexibilidade: ante un mesmo proxecto poden darse diferentes respostas e estas poden e deben adaptarse ás

condicións que poidan presentarse na súa evolución.

## DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA PROGRAMACIÓN PARA A ÁREA DE MÚSICA

### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜISTICA

- Aplicar o vocabulario relacionado cos contidos da educación musical para posibilitar o avance do intercambio comunicativo e a expresión de emocións e opinións persoais.
- Escribir e ler os nomes das notas.
- Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) referidas ao tema da unidade didáctica.
- Aprender rimas, coplas, trabalinguas e adiviñas.
- Facer un comentario individual dos sons do contorno que escoitan, para discriminar na unidade, e das experiencias de contacto cos obxectos, seres vivos ou elementos da natureza que os producen.
- Ser capaces de elaborar preguntas coherentes sobre os elementos que caracterizan a linguaxe musical e manexar a diversidade de respostas.
- Describir de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais propios da nosa cultura.
- Describir de xeito significativo instrumentos musicais propios doutras culturas.
- Describir oralmente os diferentes elementos que observen nunha imaxe.
- Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
- Relacionar o ritmo musical e as palabras e frases escritas.
- Expor de forma ordenada valoracións relacionadas cos intereses musicais dos nosos compañeiros/as.

### COMPETENCIAS MATEMÁTICAS E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Traballar a pre-escritura musical (concepto de liña e espazo).
- Traballar as figuras musicais e o silencio e a súa duración proporcional.
- Iniciar o ensino dos compases como unidade de medida na música escrita.

- Presentar, completar e construír os compases binarios e ternarios coa negra como unidade de pulso.
- Identificar e reproducir fórmulas e esquemas rítmicos sinxelos.
- Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática utilizada nos ritmogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
- Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
- Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan as cancións e as danzas.
- Saber apreciar o contorno que nos rodea a través dos sons ou movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas e realizar propostas para o seu avance.
- Escoitar, diferenciar e valorar as posibilidades sonoras dos obxectos que están próximos ao medio no que viven.
- Coñecer instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa orixe (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais...).
- Coñecer visual e auditivamente animais domésticos e de granxa, traballando los parámetros del son.
- Coñecer visual e auditivamente:
    - Animais domésticos e de granxa, traballando os parámetros do son.
    - Animais do bosque e outros ecosistemas naturais, traballando os parámetros do son.
    - Os sons das máquinas que nos rodean na nosa vida.
    - Os medios de transporte, traballando os parámetros do son.
- Coñecer os fenómenos atmosféricos, discriminando os sons que xeran, traballando os parámetros do son.
- Discriminar os sons da casa e a educación dos alumnos na axuda da realización das tarefas caseiras, sen connotacións sexistas.
- Discriminar sons asociados con profesións.
- Diferenciar entre os sons que producen tranquilidade ou intranquilidade de xeito particular.

### COMPETENCIA DIXITAL

- Presentar os aparellos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4...
- Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos propios da comunidade e doutras culturas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para:
    - Buscar e visualizar obxectos, fenómenos atmosféricos ou instrumentos que se citan no texto das cancións.
    - Buscar e visualizar obxectos, fenómenos atmosféricos ou instrumentos que participan nas audicións de música culta.
    - A procura e organización de informacións relacionadas coa música (concertos, biografías, crítica, prezos).
    - A creación musical.
    - A procura, selección, organización e interpretación de informacións sinxelas sobre as diferentes linguaxes musicais.
- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Describir de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais propios da nosa cultura.
- Describir de xeito significativo instrumentos musicais propios doutras culturas.

### COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado do grupo satisfactorio.
- Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
- Respectar as quendas de xogo.
- Respectar e ter actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
- Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.

- Fomentar a práctica e o respecto das normas cívicas e dos aspectos da educación viaria.
- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
- Ser capaz de valorar as obras musicais procedentes doutras comunidades españolas, europeas ou universais.
- Discriminar as semellanzas e diferenzas respecto ás emocións e sentimentos evocados por algunhas manifestacións musicais en nós e nas persoas que nos rodean
- Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.
- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Gozar coa audición e contemplación de manifestacións artístico musicais da nosa comunidade valorándoas como elementos significativos do patrimonio cultural propio.
- Expor de forma clara e ordenada, valoracións relacionadas cos intereses musicais dos que nos rodean.
- Respectar as manifestacións musicais das diferentes zonas da nosa comunidade.

### CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

- Ampliar as posibilidades de comunicación cos demais e de expresión persoal mediante a utilización de recursos musicais.
- Manifestar actitudes de coidado dos materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, interpretación e creación musical.
- Percibir e comprender o mundo no que viven cando escoiten sons do seu contorno, gozando do mesmo e valorándoo.
- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexa na

escola e os que soan nas audicións de música culta.

- Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
- Ser capaz de valorar as obras musicais procedentes doutras comunidades españolas, europeas ou universais.
- Escoitar e aprender a música culta mediante a participación activa, fomentando o interese pola música dos nosos devanceiros.
- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Valorar as manifestacións culturais do folclore da nosa comunidade e doutras culturas.
- Expor de forma clara e ordenada, valoracións relacionadas cos intereses musicais dos que nos rodean.
- Representar sons mediante a expresión plástica.
- Debuxar os instrumentos escolares que coñecen.
- Respectar as manifestacións musicais das diferentes zonas da nosa comunidade
- Finalizar debuxos e colorear con interese e pulcritude.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc).
- Potenciar a expresión corporal na dramatización de cancións e na música culta.
- Gozar coa audición e contemplación de manifestacións artístico musicais da nosa comunidade valorándoas como elementos significativos do patrimonio cultural propio.
- Fomentar as relacións e o contacto entre os mozos/as sen rexeitar ou discriminar a ninguén.
- Valorar o corpo e a voz nas actividades de canto, movemento, danza e dramatización, desenvolvendo a sensibilidade necesaria para aprecialo.
- Realizar un traballo creativo, responsable e entusiasta para conseguir un resultado positivo nas actividades de grupo; dentro dun marco de cooperación

entre os alumnos/as.

- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc...).

### COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc...).
- Coordinar diversos recursos expresivos (canto, mimo, movemento rítmico e danza) nas producións musicais propias e colectivas.
- Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros conseguidos por medio da autoavaliación.
- Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas, así como nos acabados plásticos das follas
- Expor de forma ordenada valoracións relacionadas cos intereses musicais dos nosos compañeiros/as.
- Traballar a iniciativa individual e a cooperación nas montaxes coreográficas acomodadas ao seu nivel de desenvolvemento.
- Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
- Describir de xeito significativo instrumentos musicais propios doutras culturas.
- Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
- Describir de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais propios da cultura da nosa comunidade.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e organización de informacións relacionadas coa música
- Elaborar algunha ficha en grupo ou por parellas para aprender uns doutros na posta en común, respectando as opinións dos compañeiros/as.

### SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

- Ampliar as posibilidades de comunicación cos demais e de expresión persoal mediante a utilización de recursos musicais.
- Discriminar as semellanzas e diferenzas respecto ás emocións e sentimentos evocados por algunhas manifestacións musicais en nós e nas persoas que nos rodean.
- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións e as coreografías (en grupo), ademais de fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas aos eloxios e ánimos do profesorado.
- Valorar e coidar a voz, cantando sen forzar as cordas vocais, de forma natural e desinhibida.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc).
- Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos que poidan xurdir ao formar parellas, grupos, quendas de xogo...
- Representar escenas e personaxes con diferentes recursos: mímica, ritmo e canto.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e organización de informacións relacionadas coa música, así como para a creación musical.
- Manifestar actitudes de coidado dos materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, interpretación e creación musical.
- Saber apreciar o contorno que nos rodea a través dos sons ou movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas e realizar propostas para o seu avance.
- Fomentar a práctica de respecto das normas cívicas e de educación viaria.
- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura,

selección, organización e interpretación de informacións sinxelas sobre as diferentes linguaxes musicais.

## 4.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Finalidade: garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas:

Alumnos con dificultade de aprendizaxe:

- Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.
- Realzar adaptacións que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.
- Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das adaptacións.

Alumnos con altas capacidades intelectuais:

- Flexibilizar a duración das etapas educativas.

## 5.- OS CONTIDOS TRANSVERSAIS

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, atravésano ou imprégnano. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais.

### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo.
- Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.
- Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e

artístico de Galicia.

#### EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Partir do diálogo como principio para resolver os conflitos.
- Aprender a non impoñer as nosas propostas frontes ás dos demais.
- Tentar ofrecer a nosa propia experiencia como forma de axuda á dos demais, principalmente na realización de actividades en grupo.

#### EDUCACIÓN AMBIENTAL E PARA A SAÚDE

- Coidar a hixiene do aparato vocal mediante o control da voz, a respiración, a articulación ..., para poder cantar e falar correctamente.
- Potenciar a través da música, a capacidade de relaxación e control para eliminar tensións.
- Desenvolvemento de actitudes críticas sobre a contaminación acústica e os posibles prexuízos que esta produce na nosa saúde.
- Valorar e procurar o silencio como condición necesaria para o desenvolvemento das experiencias musicais.

#### EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE

- Ser quen de ensinar ao noso alumnado a necesidade de actuar con responsabilidade diante da cantidade de música que o mercado ofrece, evitando a influencia perniciosa da publicidade.

#### CULTURA DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Usar a música como medio ideal para coñecer as manifestacións culturais de Galicia, e a partir de aquí as doutras comunidades españolas, europeas e universais.

## 6.- A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

A avaliación debe abranguer tanto a actividade de ensinanza coma a de aprendizaxe e que debe ser constituído un proceso continuo, sistemático, flexible

e integrador. Este proceso ten como obxectivos:

- Coñecer a situación de partida dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar a formulación dun modelo de actuación adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
- Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos.
- Prácticadetécnicasbásicasdo movemento: mobilización funcional, movementosfundamentaisdelocomocióne deseñosnoespazo.
- Práctica de xogos motores acompañadosdesecuenciassonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación dedanzassinxelas.

- Práctica dalgunha danza tradicional galega.
- Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

## 9.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### BLOQUE 1: A ESCOITA

- Explorar,escoitaredescribircalidadese característicasdemateriais,obxectos,sonse instrumentospresentesnocontexto natural.
- Manterunhaactitudederespectoede escoita activa.
- Coñecerobrascurtasdedistintosestilose dediferenteautoría.
- Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.
- Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).
- Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.

### BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.
- Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula.
- Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.
- Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.

### BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- Realizar pequenas coreografías.
- Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

## 10.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

## BLOQUE 1: A ESCOITA

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
- Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
- Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
- Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
- Identifica voces masculinas, femininas e infantís.
- Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións .
- Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.
- Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.
- Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
- Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
- Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
- Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
- Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
- Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.

## BLOQUE 2: A INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Repite esquemas rítmicos escoitados.
- Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
- Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula.
- Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
- Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.
- Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
- Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
- Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.
- Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.
- Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.
- Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

## BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
- Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
- Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

## 11.- SECUENCIACIÓN POR TRIMESTRE

## *1º TRIMESTRE*

| TAREFA | | |
|---|---|---|
| Interpretación vocal das seguintes cancións e ladaíñas:<br>“Sereíña”<br>“Pin-Pon”<br>“Son a noz”<br>“Klinguelinguelin” | Contidos | • Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos<br>• Audición de pezas vocais e instrumentais. |
| | Criterios de avaliación | • Manterunhaactitudederespectoe de escoita activa<br>• Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. |
| | Estándar de aprendizaxe | • Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz<br>• Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br>• Fai de xeito consciente o proceso da respiración.<br>• Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono |
| | Competencias | • CCL,CCEC, CSC |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterio mínimo |  Recoñece e sabe cantar de memoria máis da metade da canción cunha entoación adecuada. |
| Figuras musicais: A negra, a corchea e o silencio de negra en compás binario. | Contidos |  Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.<br> Pulso e acento. Compás binario.<br> Imitación de fórmulas rítmicas.<br> Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.<br> Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta. |
| | Criterios de avaliación |  Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas. |
| | Competencias |  CCL, CSIEE, CAA |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterio mínimo | Identificar e coñecer a duración das figuras de negra, corchea e silencio de negra. |
| Notas musicais: mi, sol e la | Contidos | Imitación de fórmulas melódicas.<br>Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.<br>Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta. |
| | Criterios de avaliación | Recoñecer a notación musical convencional no pentagrama. Notas sol, mi e la. |
| | Estándar de aprendizaxe | Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. |
| | Competencias | CCL, CMCT, CCEC, CAA |
| | Criterio mínimo | Identificar as notas sol, mi e la no pentagrama. |
| Os instrumentos: pequena percusión escolar. A súa clasificación en familias: parche, metal e madeira | Contidos | As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.<br>Audición de pezas vocais e instrumentais.<br>As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.<br>Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Explorar,escoitaredescribircalidad ese característicasdemateriais,obxectos,sonse instrumentospresentesnocontexto natural.<br> Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula.<br> Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.<br> Repite esquemas rítmicos escoitados.<br> Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br> Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.<br> Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. |
| | Competencias |  CCL, , CCEC, CMCT |
| | Criterio mínimo |  Recoñece e utiliza de xeito axeitado os diferentes instrumentos de pequena percusión presentes na aula |

| | | |
|---|---|---|
| Audicións:<br>“Acuario” Camile Saint-Saens<br>“A máquina de escribir” Leroy Anderson<br>“Nun mercado Persa” Ketelbey<br>“O Outono” Vivaldi<br>“Capricho Español” Rimsky Korsakov | Contidos | - Audición de pezas vocais e instrumentais.<br>- Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.<br>- Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público<br>- Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.<br>- Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.<br>- Forma musical: repetición e contraste.<br>- Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Manterunhaactitudederespectoed e escoita activa.<br> Coñecerobrascurtasdedistintosestilose dediferenteautoría.<br> Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.<br> Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). |
| | Estándar de aprendizaxe |  Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.<br> Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. |
| | Competencias |  CCL, CCA, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Coñecer e aplicar as normas para realizar unha audición activa. |
| Audicións con baile e acompañamentos asociados:<br>"Chin, chin laralá" | Contidos |  Prácticadetécnicasbásicasdo movemento: mobilización funcional, movementosfundamentaisdelocomocióne deseñosnoespazo.<br> Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación | - Realizar pequenas coreografías.<br>- Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. |
| | Estándar de aprendizaxe | - Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.<br>- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.<br>- Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. |
| | Competencias | - CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo | - Participar activamente na execución da danza respectando aos compañeiros. |
| Os instrumentos musicais: a batería, a guitarra, a familia da corda fretada | Contidos | - As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.<br>- Audición de pezas vocais e instrumentais.<br>- As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.<br>- |
| | Criterios de avaliación | - Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.<br>- |
| | Estándar de aprendizaxe | - Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. |

| | | |
|---|---|---|
| | Competencias |  CCL, CMCT |
| | Criterio mínimo |  Saber o nome e recoñecer a familia a que pertence cada instrumento. |

**2º TRIMESTRE**

| TAREFA | | |
|---|---|---|
| Interpretación vocal das seguintes cancións e ladaíñas:<br>"Canción dos ananos"<br>"Que chova a cachón"<br>"Canción do carnaval"<br>"A primavera" | Contidos |  Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos<br> Audición de pezas vocais e instrumentais. |
| | Criterios de avaliación | Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz<br>Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br> Fai de xeito consciente o proceso da respiración.<br>Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe | Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz<br>Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br>Fai de xeito consciente o proceso da respiración.<br>Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono |
| | Competencias | CCL,CCEC, CSC |
| | Criterio mínimo | Recoñece e sabe cantar de memoria máis da metade da canción cunha entoación adecuada. |

| | | |
|---|---|---|
| Grafía musical convencional: A branca, o compás ternario, nota fa. | Contidos |  Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.<br> Pulso e acento. Compás ternario.<br> Imitación de fórmulas rítmicas.<br> Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.<br> Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.<br> Imitación de fórmulas melódicas.<br> Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama. |
| | Criterios de avaliación |  Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.<br> Recoñecer a notación musical convencional no pentagrama. Notas sol, mi, la e fa |
| | Estándar de aprendizaxe |  Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.<br> |

| | | |
|---|---|---|
| | Competencias |  CCL, CSIEE |
| | Criterio mínimo |  Identifica e clasifica correctamente os sons propostos |
| Os instrumentos: a arpa, familia da corda punteado e o piano | Contidos |  As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.<br> Audición de pezas vocais e instrumentais.<br> As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.<br> Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas. |
| | Criterios de avaliación |  Explorar,escoitaredescribircalidadese característicasdemateriais,obxectos,sonse instrumentospresentesnocontexto natural.<br> Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula.<br> Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe | Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.<br> Repite esquemas rítmicos escoitados.<br> Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br> Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.<br> Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra |
| | Competencias | CCL, CMCT, CCEC |
| | Criterio mínimo | Identificar e recoñecer os instrumentos de corda punteada, o piano e arpa |

| | | |
|---|---|---|
| Audicións:<br>“O inverno” Vivaldi<br>“O león” Camile Saint-Saens<br>“O Cuco” Camile Saint Saens | Contidos | - Audición de pezas vocais e instrumentais.<br>- Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.<br>- Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público<br>- Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.<br>- Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.<br>- Forma musical: repetición e contraste.<br>- Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación | Manterunhaactitudederespectoed e escoita activa.<br>Coñecerobrascurtasdedistintosesti lose dediferenteautoría.<br>Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.<br>Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). |
| | Estándar de aprendizaxe | Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.<br>Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. |
| | Competencias | CCL, , CCEC |
| | Criterio mínimo | Coñecer algún dos autores propostos nas audicións. |
| Danzas e xogos de movemento:<br>“Lara leru” | Contidos | Prácticadetécnicasbásicasdo movemento: mobilización funcional, movementosfundamentaisdeloco moción e deseñosnoespazo.<br>Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación | • Realizar pequenas coreografías.<br>• Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. |
| | Estándar de aprendizaxe | • Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.<br>• Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.<br>• Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. |
| | Competencias | • CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo | • Participar activamente na execución da danza respectando aos compañeiros. |

3º TRIMESTRE

| TAREFA | | |
|---|---|---|
| Interpretación vocal das seguintes cancións e ladaíñas: “Estando o señor Don Gato” | Contidos | • Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos<br>• Audición de pezas vocais e instrumentais. |

| | | |
|---|---|---|
| “A maquiniña”<br>“Señora Dona Anica” | Criterios de avaliación | Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz<br>Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br>Fai de xeito consciente o proceso da respiración.<br>Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono |
| | Estándar de aprendizaxe | Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz<br>Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br>Fai de xeito consciente o proceso da respiración.<br>Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono |
| | Competencias | CCL,CCEC, CSC |
| | Criterio mínimo | Sabe a letra das cancións entoando parte delas. |

| | | |
|---|---|---|
| Identificar e numerar sons agudos e graves, sons de animais, instrumentos de corda punteada, golpeada e fretada, medios de transporte, sons longos e sons curtos, instrumentos de percusión, | Contidos |  As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.<br> Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.<br> Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.<br> Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.<br> Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado. |
| | Criterios de avaliación |  Explorar,escoitaredescribircalidadese característicasdemateriais,obxectos,sonse instrumentospresentesnocontexto natural.<br> Manterunhaactitudederespectoede escoita activa.<br> Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).<br> Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe |  Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.<br> Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. |
| | Competencias |  CCL, CSIEE |
| | Criterio mínimo |  Identifica e clasifica correctamente os sons propostos |
| Grafía musical convencional:<br>Nota re | Contidos |  Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.<br> Pulso e acento. Compás ternario.<br> Imitación de fórmulas rítmicas.<br> Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.<br> Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.<br> Imitación de fórmulas melódicas.<br> Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.<br> Recoñecer a notación musical convencional no pentagrama. Notas sol, mi, la e fa |
| | Estándar de aprendizaxe |  Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.<br> |
| | Competencias |  CCL, CSIEE |
| | Criterio mínimo |  Identifica e clasifica correctamente os sons propostos |

| | | |
|---|---|---|
| Audicións:<br>Conto musicado “o oso enfadadoso”<br>“Danza dos cisnes” Tchaikovsky<br>“Montando sobre o cabaliño de madeira” R. Schumann | Contidos | - Audición de pezas vocais e instrumentais.<br>- Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.<br>- Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público<br>- Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.<br>- Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.<br>- Forma musical: repetición e contraste.<br>- Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación | Manterunhaactitudederespectoed e escoita activa.<br>Coñecerobrascurtasdedistintosesti lose dediferenteautoría.<br>Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.<br>Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). |
| | Estándar de aprendizaxe | Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.<br>Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. |
| | Competenci as | CCL, , CCEC |
| | Criterio mínimo | Coñecer algún dos autores propostos nas audicións. |

| | | |
|---|---|---|
| Audicións con baile e acompañamentos asociados:<br>"O zapateiro" | Contidos | - Audición de pezas vocais e instrumentais.<br>- Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.<br>- Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público<br>- Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.<br>- Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.<br>- Forma musical: repetición e contraste.<br>- Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Manterunhaactitudederespectoede escoita activa.<br> Coñecerobrascurtasdedistintosestilose dediferenteautoría.<br> Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.<br> Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). |
| | Estándar de aprendizaxe |  Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.<br> Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. |
| | Competencias |  CCL, , CCEC |
| | Criterio mínimo |  Coñecer algún dos autores propostos nas audicións. |

# Addenda resumo mínimos  avaliación de 2º de Primaria

A cada avaliación aplicaránselle as seguintes porcentaxes

| | |
|---|---|
| EXAMES ESCRITOS/ORAIS/PRÁCTICOS | 60% |
| TRABALLO AULA/CASA(Tarefas, actividades,libreta,taballo en equipo,saídas á pizarra,interpretación vocal,instrumental, movemento e audición) | 20% |
| ACTITUDE(esforzo,participación,atención, comportamento) | 20% |

*No caso dun confinamento, poderase sumar a porcentaxe dos exames escritos aos traballos entregados polas plataformas requeridas, ou aplicarse unicamente a  probas obxectivas realizadas por videoconferencia, videogravación, ou outros medios telemáticos requeridos.

**Criterios Mínimos por avaliación**

- **Interpretación vocal**

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Sabe cantar de memoria a estrofa e o retrouso respectando o pulso e entoando adecuadamente. |

- **Interpretación instrumental**

| | |
|---|---|
| 15. Criterio mínimo | Toca as figuras que coñece relacionándoas con distintas alturas. |

Sons fortes e suaves, longos e curtos, agudos e graves

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Identifica e clasifica correctamente a metade dos sons propostos |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Identifica e clasifica correctamente os sons propostos, comezando a diferenciar agudo-grave a ditado. |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Identifica e clasifica correctamente os sons propostos, comezando a diferenciar claramente a ditado os agudos e graves incluíndo figuras. Diferenza e sabe algunhas escalas ascendentes e descendentes. |

Identificar instrumentos

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Diferenza entre o son de instrumentos de madeira, metal e parche. |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Diferenza todos os instrumentos e clasificalos en familia de madeira, pel e metal, coñece algúns das 3 pricipais familias e clasifícaos. |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Coñece as 3 pricipais familias e clasifica algúns instrumentos. |

Grafía musical

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Emitir con sílabas rítmicas e escribir a ditado correctamente a figura da branca, negra, a corchea e o silencio e de branca |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Emitir con sílabas rítmicas e escribir a ditado correctamente a figura da branca, negra, a corchea e o silencio das tres, comezando a ler a semicorchea. |


| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Emitir con sílabas rítmicas e escribir a ditado correctamente a figura da branca, negra, a corchea e o silencio das tres, comezando a ler a semicorchea. |


Audicións

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Escoitar atenta e activamente participando nas tarefas propostas. |

Realizar distintas danzas:

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Participar activamente na actividade respectando aos compañeiros /as e realizando correctamente os pasos. |

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# EDUCACIÓN MUSICAL - 3º

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE A.R.CADARSO

ANO ACADÉMICO: 2021-2022

ÍNDICE:

1.- Introdución e medidas especiais ante o covid.....páx. 3

2.- A Educación artística........................................ páx. 9

3.- As competencias clave......................................páx. 13

4.- A atención á diversidade....................................páx. 27

5.- Contidos transversais .......................................páx. 28

6.- A avaliación na Educación Primaria.......... ........páx. 30

7.- A metodoloxía didáctica ..................................páx. 34

8.- Contidos...........................................................páx. 36

9.- Criterios de avaliación.................................... páx.38

10.- Estándares de aprendizaxe ............................páx.39

11.- Secuenciación dos contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe, competencias e criterios mínimos por trimestre... Páx. 41

## 1.- INTRODUCCIÓN.

Esta programación é un proxecto que pretende acadar unha serie de intencións educativas previstas: obxectivos e competencias básicas. Este feito será posible a través do establecemento dunhas propostas educativas concretas, que redundou na elaboración dunha secuencia de unidades didácticas que configurou as programacións de aula e que ten como fin o traballo dos contidos establecidos para o curso en cuestión. Dedúcese polo tanto unha necesidade de planificación e de orde, que se antollan fundamentais no proceso de ensino – aprendizaxe.

Pola natureza dos seus compoñentes, esta programación non é un documento pechado, senón provisto de dúas condicións esenciais: apertura e flexibilidade. Estas dúas pautas permitirán o manexo de situacións imprevistas, a toma de camiños alternativos ou a posibilidade de introducir melloras mediante un proceso continuo de retroalimentación.

Aínda que xa implícitos na formulación dos obxectivos e nas competencias básicas, debemos resaltar que este plan de acción pretendeu unha especial consideración a aspectos que afectan á Natureza, á Sociedade en xeral e ao Individuo en particular pola súa importancia e o seu carácter acúcante no entorno do alumnado, polo tanto é patente o compromiso cun enfoque interdisciplinar e globalizado e coa educación en valores.

O centro para o que se propón a programación eríxese no municipio costeiro de Noia, situado na Ría de Muros e Noia, na provincia de A Coruña. O estrato socio-económico xeral é medio-baixo, adicándose unha alta porcentaxe dos pais a tarefas relacionadas co marisqueo e o comercio. Dado o interese turístico da zona, tamén hai pais e nais propietarios de negocios de hostalería.

A disposición horaria do centro é: xornada continuada de 9’30 a 14’30 horas. No que atinxe ao ámbito sociolingüístico, cabe sinalar que a tendencia destes últimos anos é a que lingua máis utilizada é o castelán .

A nivel musical existe conservatorio local, dúas academias privadas de música, clases de música e baile tradicional, ballet e baile moderno.

Debido ás condicións especiais deste curso, polo Covid 19, a antedita programación farase efectiva seguindo as instrucións da orde do 30 de xullo. Para elo

terase en conta que, principalmente, o primeiro trimestre será un tempo de reforzo das aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

Logo de lido o informe final individualizado do curso anterior, procederase a realizar a avaliación inicial, e, coa información obtida, procederase a reforzar as aprendizaxes e competencias non acadadas do curso anterior, utilizando metodoloxías globais que promovan a aprendizaxe cooperativa, o uso das tics, a autoaprendizaxe, o pensamento crítico, creativo e a investigación a través do traballo por proxectos.

Especial atención prestarase aos problemas que pode ocasionar o canto ou os instrumentos de vento, que tan só se utilizarán de xeito individual a distancia de 3 metros do resto do grupo, ou de xeito grupal, no exterior e coa distancia citada.

E atendendo sempre a unha posible semipresencialidade, ou non presencialidade, tódolos contidos posibles serán presentados a través da Aula virtual do centro, para habitualos a ser usuarios cotiás de dita ferramenta, tal e como se fixo o curso anterior.

## MARCO LEGAL:

- LOE Texto consolidado coas incorporacións da LOMCE (BOE 30-12-2013)
- LOMCE Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei Orgánica 2/2006 de Educación do 3 de maio
- Decreto 105/2014 do 4 de Setembro, polo que establece o currículo para a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación.
- Orde do 6 de outubro de 1995 sobre regulación do reforzo educativo e a adaptación curricular.
- Decreto 320 do 26 de xullo de 1996 de ordenación da educación de alumnado con necesidades educativa especiais.

## A TEMPORALIZACIÓN

Seguirase o calendario escolar para o presente curso, observamos que disporemos de aproximadamente unhas trinta e cinco sesións para a súa aplicación, tendo en conta a posibilidade de festivos locais, saídas...etc.

## A AULA DE MÚSICA:

Sitúase no andar primeiro do edificio do centro.. A súa disposición será acorde coa metodoloxía  a empregar**,** procurarase unha boa organización espacial, facilitando espazos de traballo en grupo e organizando os recursos materiais de xeito que estean accesibles cando sexa preciso, pero recollidos cando non. A aula está distribuída da seguinte maneira***:*** as cadeiras con paleta dos alumnos dispóñense en filas ocupando a parte dianteira da aula, orientadas cara a pizarra que se dispón na parte frontal. O espazo posterior destinarase á práctica vocal, instrumental (orquestra Orff), corporal, traballos colectivos, etc Na marxe dereita da aula hai armarios e mesas para gardar instrumentos, materiais e libretas. Isto facilitará ter a aula ordenada. Na  marxe esquerda da aula está a mesa de traballo do mestre onde dispoñemos do ordenador conectado ó canón proxector, o equipo de son, e o teclado. Fóra da aula, na biblioteca contamos cuns andeis en forma de pentagrama onde poden gozar de lecturas relacionadas coa música e dos audiocds. Contamos cun local á parte onde realizamos radio escolar nos recreos, agás os venres, que abrimos a aula de música para que os que queiran poidan actuar cantando, bailando ou tocando o seu instrumento. Aínda que este ano, todo o anterior está condicionado polas normas covid de distanciamento e desinfección.

## A EDUCACIÓN PRIMARIA:

A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e as aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepárárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## Os principios didácticos

Analizando as orientacións xerais da etapa e as específicas para a área de Música extráense un conxunto de principios marco que describimos a continuación:

### *1. Promover o desenvolvemento de competencias básicas*

Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles aos alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse dun xeito eficaz na sociedade en que viven.

Os currículos actuais subliñan nos obxectivos xerais da etapa, nos obxectivos das áreas e nos criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, procura e selección de información significativa etc.) que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma.

A LOMCE xa identifica, nos compoñentes do currículo, as competencias

básicas. As competencias van constituír un referente de capacidade nos alumnos para saber facer, para obrar; serán concretadas na área de Música, que é a que nos ocupa e configurarán un dos eixes esenciais para guiar o proceso de ensinanza aprendizaxe e o proceso avaliador.

*2. Considerar o nivel de capacidade do alumno*

Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos.

*3. Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos por medio do enfoque globalizador*

A área é a forma básica de estruturación dos contidos en primaria. Esta forma de organización curricular facilita o seu tratamento rigoroso e contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Isto pode facerse *tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas que comentamos*; tamén e máis concretamente, por medio dos contidos comúns transversais que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento que se nos presenten.

*4. Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación*

Diversas investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento do alumnado. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial.

Os obxectivos da etapa, os obxectivos das áreas e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensinanza aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

Baséase nos principios de intervención educativa que concretamos do seguinte xeito:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, para construír outras aprendizaxes que o favorezan e melloren.
- Destácase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas no traballo da área que nos ocupa.
- Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan.
- Facilítanse as oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu.

Estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan quen de aprender de forma autónoma.

## 2.- A EDUCACIÓN ARTÍSTICA

A expresión artística é connatural ás persoas desde a orixe dos tempos como medio de comunicación, vía para descargar enerxías, actividade pracenteira, evasión ou instrumento para acadar o equilibrio interior, posibilidade de lograr unha aprendizaxe emocional ou forma de cuestionar o establecido.

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no medio e na vida privada e pública das persoas. As artes son imprescindibles no desenvolvemento expresivo individual e social e son parte esencial do patrimonio cultural. Con elas somos quen de darlle forma á nosa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción; con elas participamos en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construción da identidade persoal e social, con elas conformamos a identidade nacional, e mantemos un diálogo aberto e constante coas outras culturas, proporcionando espazos de relación nos cales flúen experiencias, significados, emocións, sentimentos, ideas e pensamentos.

Na educación primaria, a área de Música desenvolverá as capacidades básicas

relacionadas coa percepción e interpretación das representacións musicais e coa expresión de pensamentos, sentimentos e emocións; é dicir, desenvolverá a dimensión comunicativa dos procesos artísticos.

A linguaxe musical constitúe un ámbito artístico específico con características propias. No ámbito da música e dos eixes en que se articula a área (percepción e expresión) distribúense os contidos en dous bloques.

Esta maneira de estruturar o conxunto de contidos da área non indica en absoluto que se deban desenvolver independentemente uns doutros, o que queda de manifesto ao comprobar a interrelación que existe entre eles.

O *bloque 1 Escoita*, recolle os contidos relacionados co desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva.

O *bloque 2 Interpretación musical*, aborda o desenvolvemento de habilidades técnicas e de capacidades vinculadas coa interpretación e coa improvisación e a creación de distintas producións musicais resultantes da exploración, da selección e da combinación de movementos e de sons.

*O bloque 3 A música, o movemento e a danza,* está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

Os elementos da música e os seus referentes culturais non se disocian dela; por isto, tanto os contidos da linguaxe musical coma os referidos á música como expresión cultural están explícitos ou implícitos nos dous bloques.

A actividade do alumnado é moi importante para que esa aprendizaxe se produza. Non se trata só dunha actividade externa, senón, e fundamentalmente, dunha actividade mental que lle permita formular interrogantes e buscar estratexias para resolvelos, relacionar o que sabe co novo que se lle presenta e abordar novas propostas nas que a percepción, expresión, reflexión e intercambio de ideas formarán parte esencial do proceso de aprendizaxe. O traballo artístico deberá partir da experiencia persoal, dos saberes que o alumnado posúe social e colectivamente e da investigación e recoñecemento das propias características e posibilidades. A progresión do alumnado require de estratexias persoalizadas que lle permitan avanzar

e afianzar destrezas, coñecementos e actitudes no ámbito musical. Neste contexto debe estar presente a loita contra os estereotipos e os roles preestablecidos, polo que se deben proporcionar oportunidades, alternativas e recursos múltiples que faciliten a reflexión e o desenvolvemento do xuízo crítico.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

2. Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.

3. Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilizalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.

4. Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.

5. Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

6. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións musicais.

7. Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.

8. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe

e o son, e empregalas como recursos para a observación, a busca de información e a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.

9. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.

10. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

11. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

12. Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

13. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo dos artistas e gozando como público na observación e recreación das súas propias producións.

14. Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

## 3.- AS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave da educación primaria son o conxunto de destrezas, coñecementos e actitudes axeitadas ao contexto que todo o alumnado debe alcanzar para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a integración social.

O currículo da Educación Primaria deberá incluír, de acordo co establecido no Anexo I do Real Decreto 1513/2006, do 7 de decembro, cando menos, as competencias básicas que a seguir citamos, precisando os obxectivos xerais que prevé a Xunta de Galicia con respecto a estas, así como unha descrición referida á achega á área de Música:

### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

*Achegas á área de Música:*

Permite o aumento significativo da riqueza en vocabulario específico; a participación en intercambios comunicativos sobre experiencias de audición e interpretación (coloquios, debates, diálogos); a descrición de procesos de traballo; a argumentación sobre as solucións dadas ou na valoración da obra artístico musical e o achegamento a textos variados (informativos, narrativos, descritivos) nos que se presente información sobre autores, intérpretes, épocas, estilos. Por outro lado, a linguaxe literaria presenta multitude de figuras retóricas (metáfora, sinestesia, onomatopea) de indubidable proxección e interese para o traballo de educación musical.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

*Achegas á área de Música:*

As experiencias levadas adiante por medio da Educación Artística van favorecer a percepción, estruturación e representación de contidos de concepto, procedemento e actitude ligados á percepción e estruturación do espazo (danza) e do tempo (ritmo). Fai posible o estudo e comparación de materiais empregados na área e a súa relación con prezos e ofertas puntuais, o que implica educación para o consumo, ámbito formativo que tamén pode atopar en Educación artístico-musical un referente esencial para o seu estímulo.

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer, valorar e gozar do medio natural, social e cultural; as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

*Achegas á área de Música:*

Estimular a apreciación do medio a través do traballo perceptivo e representativo con sons, ruídos e movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas. O medio pode ser pretexto para a creación artística; o traballo de educación musical explórao e incorpórao recreándoo para darlle unha dimensión que proporcione gozo e contribúa ao enriquecemento da vida das persoas. Por outra parte, a Educación artística musical ten en conta outra dimensión igualmente importante, a que compete ás agresións que deterioran a calidade de vida, como a contaminación acústica e a necesidade de contribuír a preservar un medio físico agradable e saudable.

COMPETENCIA DIXITAL

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Iniciarse nouso para a aprendizaxe das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

- Empregar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

*Achegas á área de Música:*

A Educación artístico musical dá pulo á utilización básica do ordenador e do conxunto de tecnoloxías da información e comunicación para amosar procesos relacionados coas artes (acceso, observación e expresión). Permite a creación de producións artísticas integrando distintas linguaxes (plástica, visual, verbal, musical), a análise da imaxe, do son e das mensaxes que estes transmiten, a procura de información sobre manifestacións artísticas próximas á localidade onde está o centro ou a aquelas que se celebren na Comunidade de Galicia para o seu coñecemento e gozo do alumnado, e, tamén, á selección ou intercambio de informacións referidas a creacións musicais do pasado e do presente doutros pobos, culturas e momentos. O seu emprego facilitará o achegamento, aprecio e consideración da obra musical como manifestación artística dentro dun determinado contexto sociocultural e a súa achega á cultura e pautas de vida da Comunidade de Galicia e do conxunto do Estado. Os traballos orientados a impulsar esta competencia incidirán na procura, selección, valoración, gravación e análise de propostas de raíces, instrumentos e autores.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer e apreciar os valores e as normas da convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona o alumnado.
- Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, valorar e gozar do seu contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

*Achegas á área de Música:*

A área favorece a cooperación, a asunción de responsabilidades, o seguimento de normas e instrucións, o coidado e conservación de materiais e instrumentos. No ámbito da educación artística, a interpretación e a creación musical supón, en moitas ocasións, un traballo en equipo. O seguimento destes requisitos forma no compromiso cos demais, na esixencia que ten a realización en grupo, e na satisfacción que proporciona un produto que é froito do esforzo común. A planificación e realización de producións artístico musicais de forma cooperativa permite e esixe ir asumindo distintas funcións e colaborar na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final satisfactorio. O desenvolvemento desta competencia permitirá que os alumnos cheguen a participar de maneira máis activa en manifestacións vocais, instrumentais ou coreográficas relacionadas coa expresión de sentimentos e emocións propias e colectivas.

### CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, e as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.

- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de gozo nas súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.

*Achegas á área de Música:*

Destacable resulta a achega da *competencia cultural e artística*. Así, o noso proxecto estuda os diferentes códigos artísticos, técnicas e recursos propios da audición e da expresión musical, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que o rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. Ademais, a posibilidade de representar unha idea, emoción ou sentimento de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes musical e corporal proporcionan.

A Comunidade de Galicia posúe un patrimonio cultural e artístico de enorme valor e proxección, representado por obras de indubidable interese estatal e universal. Ao tempo, os acontecementos artísticos de actualidade que nela teñen lugar (exposicións, feiras, certames) configuran un medio de gran riqueza e potencialidade para favorecer no alumnado o interese por gozar e aprender a través da arte. O desenvolvemento da área na súa dimensión musical achega os coñecementos esenciais para que o alumno chegue a analizar, sintetizar e valorar as manifestacións musicais máis significativas do folclore, da música popular, da música culta e da contribución que todas elas poden facer á vida persoal e á da Comunidade de Galicia. A materialización desta competencia favorecerá o coñecemento e aprecio de obras do folclore popular galego e de diferentes épocas e estilos, autores e intérpretes recoñecidos na Comunidade, no conxunto do territorio español e de transcendencia e repercusión europea e intercontinental.

En conxunto, o labor educativo exercido desde a Música favorece o coñecemento, a comprensión e a valoración das manifestacións artístico musicais do patrimonio cultural propio e doutros pobos. Poden colaborar na conservación e

renovación das formas de expresión locais, autonómicas e estatais, estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo medio.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

*Achegas á área de Música:*

O traballo de pescuda sobre propostas musicais fai preciso a busca, no establecemento de pautas de análise e síntese, de inferencias e de avaliación crítica. Neste sentido, a área ha proporcionar protocolos de investigación e planificación de procesos susceptibles de seren empregados noutras aprendizaxes. O esforzo, o traballo constante e a disciplina que acompañan a boa práctica musical, tamén constitúen referentes de gran valor para estimular o aprender a aprender.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona.
- Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da persoalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

*Achegas á área de Música:*

As situacións de observación, escoita e expresión artístico musical favorecen o coñecemento dun mesmo, dos propios intereses, emocións e sentimentos, a exploración e pescuda dos mecanismos apropiados para definir posibilidades, a procura de solucións, o adquirir coñecementos e a elaboración de plans. Ao facer a exploración e pescuda dos mecanismos apropiados para definir posibilidades, buscar solucións e adquirir coñecementos, promóvese de forma relevante a autonomía e iniciativa persoal. O proceso que leva ao alumno desde a exploración inicial ata o produto final require unha planificación previa e demanda un esforzo por acadar resultados orixinais, non estereotipados. Por outra parte, esixe a elección de recursos tendo presente a intencionalidade expresiva do produto que se desexa lograr e a revisión constante do que se fixo en cada fase do proceso coa idea de melloralo se fose preciso. A creatividade esixe obrar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que tamén xera flexibilidade: ante un mesmo proxecto poden darse diferentes respostas e estas poden e deben adaptarse ás condicións que poidan presentarse na súa evolución.

## DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA PROGRAMACIÓN PARA A ÁREA DE MÚSICA

### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜISTICA

- Aplicar o vocabulario relacionado cos contidos da educación musical para posibilitar o avance do intercambio comunicativo e a expresión de emocións e opinións persoais.
- Escribir e ler os nomes das notas.
- Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) referidas ao tema da unidade didáctica.
- Aprender rimas, coplas, trabalinguas e adiviñas.
- Facer un comentario individual dos sons do contorno que escoitan, para discriminar na unidade, e das experiencias de contacto cos obxectos, seres vivos ou elementos da natureza que os producen.
- Ser capaces de elaborar preguntas coherentes sobre os elementos que caracterizan a linguaxe musical e manexar a diversidade de respostas.
- Describir de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais propios da nosa cultura.
- Describir de xeito significativo instrumentos musicais propios doutras culturas.
- Describir oralmente os diferentes elementos que observen nunha imaxe.
- Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
- Relacionar o ritmo musical e as palabras e frases escritas.
- Expor de forma ordenada valoracións relacionadas cos intereses musicais dos nosos compañeiros/as.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
- Traballar as figuras musicais e o silencio e a súa duración proporcional.
- Iniciar o ensino dos compases como unidade de medida na música escrita.
- Presentar, completar e construír os compases binarios e ternarios coa negra como unidade de pulso.
- Identificar e reproducir fórmulas e esquemas rítmicos sinxelos.
- Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática utilizada nos ritmogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.

- Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
- Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan as cancións e as danzas.
- Saber apreciar o contorno que nos rodea a través dos sons ou movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas e realizar propostas para o seu avance.
- Escoitar, diferenciar e valorar as posibilidades sonoras dos obxectos que están próximos ao medio no que viven.
- Coñecer instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa orixe (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais...).
- Conocer visual e auditivamente animales domésticos e de granja, trabajando los parámetros del sonido.
- Coñecer visual e auditivamente:
    - Animais domésticos e de granxa, traballando os parámetros do son.
    - Animais do bosque e outros ecosistemas naturais, traballando os parámetros do son.
    - Os sons das máquinas que nos rodean na nosa vida.
    - Os medios de transporte, traballando os parámetros do son.
- Coñecer os fenómenos atmosféricos, discriminando os sons que xeran, traballando os parámetros do son.
- Discriminar os sons da casa e a educación dos alumnos na axuda da realización das tarefas caseiras, sen connotacións sexistas.
- Discriminar sons asociados con profesións.
- Diferenciar entre os sons que producen tranquilidade ou intranquilidade de xeito particular.

COMPETENCIA DIXITAL

- Presentar os aparellos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4...
- Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos propios da comunidade e doutras culturas.

- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para:
    - Buscar e visualizar obxectos, fenómenos atmosféricos ou instrumentos que se citan no texto das cancións.
    - Buscar e visualizar obxectos, fenómenos atmosféricos ou instrumentos que participan nas audicións de música culta.
    - A procura e organización de informacións relacionadas coa música (concertos, biografías, crítica, prezos).
    - A creación musical.
    - A procura, selección, organización e interpretación de informacións sinxelas sobre as diferentes linguaxes musicais.
- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Describir de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais propios da nosa cultura.
- Describir de xeito significativo instrumentos musicais propios doutras culturas.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado do grupo satisfactorio.
- Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
- Respectar as quendas de xogo.
- Respectar e ter actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
- Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
- Fomentar a práctica e o respecto das normas cívicas e dos aspectos da educación viaria.
- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
- Ser capaz de valorar as obras musicais procedentes doutras comunidades

españolas, europeas ou universais.

- Discriminar as semellanzas e diferenzas respecto ás emocións e sentimentos evocados por algunhas manifestacións musicais en nós e nas persoas que nos rodean
- Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.
- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Gozar coa audición e contemplación de manifestacións artístico musicais da nosa comunidade valorándoas como elementos significativos do patrimonio cultural propio.
- Expor de forma clara e ordenada, valoracións relacionadas cos intereses musicais dos que nos rodean.
- Respectar as manifestacións musicais das diferentes zonas da nosa comunidade.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

- Ampliar as posibilidades de comunicación cos demais e de expresión persoal mediante a utilización de recursos musicais.
- Manifestar actitudes de coidado dos materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, interpretación e creación musical.
- Percibir e comprender o mundo no que viven cando escoiten sons do seu contorno, gozando do mesmo e valorándoo.
- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexa na escola e os que soan nas audicións de música culta.
- Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
- Ser capaz de valorar as obras musicais procedentes doutras comunidades españolas, europeas ou universais.

- Escoitar e aprender a música culta mediante a participación activa, fomentando o interese pola música dos nosos devanceiros.
- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Valorar as manifestacións culturais do folclore da nosa comunidade e doutras culturas.
- Expor de forma clara e ordenada, valoracións relacionadas cos intereses musicais dos que nos rodean.
- Representar sons mediante a expresión plástica.
- Debuxar os instrumentos escolares que coñecen.
- Respectar as manifestacións musicais das diferentes zonas da nosa comundade
- Finalizar debuxos e colorear con interese e pulcritude.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc).
- Potenciar a expresión corporal na dramatización de cancións e na música culta.
- Gozar coa audición e contemplación de manifestacións artístico musicais da nosa comunidade valorándoas como elementos significativos do patrimonio cultural propio.
- Fomentar as relacións e o contacto entre os mozos/as sen rexeitar ou discriminar a ninguén.
- Valorar o corpo e a voz nas actividades de canto, movemento, danza e dramatización, desenvolvendo a sensibilidade necesaria para aprecialo.
- Realizar un traballo creativo, responsable e entusiasta para conseguir un resultado positivo nas actividades de grupo; dentro dun marco de cooperación entre os alumnos/as.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc...).

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc...).
- Coordinar diversos recursos expresivos (canto, mimo, movemento rítmico e danza) nas producións musicais propias e colectivas.
- Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros conseguidos por medio da autoavaliación.
- Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas, así como nos acabados plásticos das follas
- Expor de forma ordenada valoracións relacionadas cos intereses musicais dos nosos compañeiros/as.
- Traballar a iniciativa individual e a cooperación nas montaxes coreográficas acomodadas ao seu nivel de desenvolvemento.
- Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
- Describir de xeito significativo instrumentos musicais propios doutras culturas.
- Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
- Describir de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais propios da cultura da nosa comunidade.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e organización de informacións relacionadas coa música
- Elaborar algunha ficha en grupo ou por parellas para aprender uns doutros na posta en común, respectando as opinións dos compañeiros/as.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

- Ampliar as posibilidades de comunicación cos demais e de expresión persoal mediante a utilización de recursos musicais.
- Discriminar as semellanzas e diferenzas respecto ás emocións e sentimentos evocados por algunhas manifestacións musicais en nós e nas persoas que nos

rodean.

- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións e as coreografías (en grupo), ademais de fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas aos eloxios e ánimos do profesorado.
- Valorar e coidar a voz, cantando sen forzar as cordas vocais, de forma natural e desinhibida.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc).
- Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos que poidan xurdir ao formar parellas, grupos, quendas de xogo...
- Representar escenas e personaxes con diferentes recursos: mímica, ritmo e canto.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e organización de informacións relacionadas coa música, así como para a creación musical.
- Manifestar actitudes de coidado dos materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, interpretación e creación musical.
- Saber apreciar o contorno que nos rodea a través dos sons ou movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas e realizar propostas para o seu avance.
- Fomentar a práctica de respecto das normas cívicas e de educación viaria.
- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura, selección, organización e interpretación de informacións sinxelas sobre as diferentes linguaxes musicais.

## 4.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Finalidade: garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas:

Alumnos con dificultade de aprendizaxe:

- Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.
- Realzar adaptacións que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.
- Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das adaptacións.

Alumnos con altas capacidades intelectuais:

- Flexibilizar a duración das etapas educativas.

## 5.- OS CONTIDOS TRANSVERSAIS

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, atravésano ou imprégnano. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. A LOE, no seu artigo 19. 2, de principios pedagóxicos, determina que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as

áreas.

Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación que se poderían plasmar na área de Música desta maneira:

### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo.
- Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.
- Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia.

### EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Partir do diálogo como principio para resolver os conflitos.
- Aprender a non impoñer as nosas propostas frontes ás dos demais.
- Tentar ofrecer a nosa propia experiencia como forma de axuda á dos demais, principalmente na realización de actividades en grupo.

### EDUCACIÓN AMBIENTAL E PARA A SAÚDE

- Coidar a hixiene do aparato vocal mediante o control da voz, a respiración, a articulación ..., para poder cantar e falar correctamente.
- Potenciar a través da música, a capacidade de relaxación e control para eliminar tensións.
- Desenvolvemento de actitudes críticas sobre a contaminación acústica e os posibles prexuízos que esta produce na nosa saúde.
- Valorar e procurar o silencio como condición necesaria para o desenvolvemento das experiencias musicais.

### EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE

- Ser quen de ensinar ao noso alumnado a necesidade de actuar con

responsabilidade diante da cantidade de música que o mercado ofrece, evitando a influencia perniciosa da publicidade.

CULTURA DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Usar a música como medio ideal para coñecer as manifestacións culturais de Galicia, e a partir de aquí as doutras comunidades españolas, europeas e universais.

## 6.- A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

A avaliación debe abranguer tanto a actividade de ensinanza coma a de aprendizaxe e que debe ser constituído un proceso continuo, sistemático, flexible e integrador. Este proceso ten como obxectivos:

- Coñecer a situación de partida dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar a formulación dun modelo de actuación adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
- Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos.
- Tomar as decisións necesarias para adecuar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos nos seus procesos de aprendizaxe.

### OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O currículo oficial establece uns criterios que constitúen enunciados que indican que avaliar *para cada área*. Os centros deberán concretar e adaptar estes criterios nas súas propostas curriculares.

Estes criterios terán en conta:

- O progreso do alumno en todas as áreas do currículo.
- Os diferentes elementos do currículo.
- A adquisición das competencias básicas.
- A necesidade de establecer medidas de reforzo.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe son os distintos niveis de coñecemento e habilidades (contidos e competencias) establecidos para o alumnado por cada materia etapa ou nivel obxecto de avaliación. Os devanditos estándares establecen o que os alumnos e as alumnas deben aprender e, consecuentemente, o que o profesorado ha de ensinar. E é, precisamente, na devandita proposta formativa onde os estándares de aprendizaxe xogan un papel instrumental (ferramenta de avaliación) para determinar o logro do alí estipulado.

Os estándares de aprendizaxe deben reunir unha serie de características na súa elaboración:

- Incluír unha ampla gama de coñecementos e/ou habilidades que o alumnado ha de alcanzar.
- Ser avaliables; é dicir que poidan ser medibles a través de instrumentos homologados, evitando xuízos de valor.
- Estar formulado de xeito claro e conciso.
- Incorporar niveis de aprendizaxe que permitan categorizar os progresos do alumnado.
- Ser pertinentes en canto ao nivel de esixencia e as posibilidades do alumnado ao que se dirixe.
- Ser inclusivos, respetando a diversidade nos estilos de ensino do profesorado e do alumnado.

### Procedementos e instrumentos de avaliación

Se a avaliación constitúe un proceso flexible os procedementos terán que ser de diversa índole, entre outros, contemplaremos:

- A observación.
- Cuestionarios orais e fichas escritas.
- Entrevistas.
- Probas configuradas como síntese dos contidos máis significativos traballados no proceso de ensinanza aprendizaxe.

Cada apartado da avaliación terá a seguinte porcentaxe:

| | |
|---|---|
| EXAMES ESCRITOS/ORAIS/PRÁCTICOS | 60% |
| TRABALLO AULA/CASA(Tarefas, actividades,libreta,taballo en equipo,saídas á pizarra,interpretación vocal,instrumental, movemento e audición) | 20% |
| ACTITUDE(esforzo,participación,atención, comportamento) | 20% |

*No caso dun confinamento, poderase sumar a porcentaxe dos exames escritos aos traballos entregados polas plataformas requeridas, ou aplicarse unicamente a probas obxectivas realizadas por videoconferencia, videogravación, ou outros medios telemáticos requeridos.

### Avaliación do proceso de ensinanza

As normas de avaliación en Educación Primaria establecen que os profesores avaliarán os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo. Esta avaliación incluirá referencias a aspectos tales como:

- A organización da aula.
- A relación entre o profesorado e o alumnado.
- A relación entre o profesorado.
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- A convivencia entre o alumnado.

### Decisións acerca da avaliación

Ao abeiro do currículo oficial, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera que os alumnos vaian acadando ao longo da Educación Primaria con respecto ás competencias básicas e ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais. O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados ha de ser medido con flexibilidade, e tendo en conta a situación do alumno, ademais das súas propias características e posibilidades. Á súa vez, a avaliación,

cumpre, fundamentalmente, unha función formativa, porque lle ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas.

Para que os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe poidan cumprir esta función formativa cómpre que se utilicen desde o comezo do proceso de aprendizaxe; así pois é fundamental contar cos criterios para cada curso, xa que canto antes se identifiquen posibles dificultades de aprendizaxe, antes se poderá corrixir a intervención pedagóxica.

## 7.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Baséase nos principios de intervención educativa e tenderá a ensinar a utilizar os medios previstos en caso de confinamento (videoconferencia, aula virtual...)

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, para construír outras aprendizaxes que o favorezan e melloren.
- Destácase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas no traballo da área que nos ocupa.
- Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan.
- Facilítanse as oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu.

Estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan quen de aprender de forma autónoma e saber utilizar os medios en caso de confinamento.

### OS PRINCIPIOS DIDÁCTICOS

Analizando as orientacións xerais da etapa e as específicas para a área de Música extráense un conxunto de principios marco que describimos a continuación:

### *1. Promover o desenvolvemento de competencias básicas*

Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles aos alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse dun xeito eficaz na sociedade en que viven.

Os currículos actuais subliñan nos obxectivos xerais da etapa, nos obxectivos das áreas e nos criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, procura e selección de información significativa etc.) que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma.

A LOE xa identifica, nos compoñentes do currículo, as competencias básicas. As competencias van constituír un referente de capacidade nos alumnos para saber facer, para obrar; serán concretadas na área de Música, que é a que nos ocupa e configurarán un dos eixes esenciais para guiar o proceso de ensinanza aprendizaxe e o proceso avaliador.

*2. Considerar o nivel de capacidade do alumno*

Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos.

*3. Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos por medio do enfoque globalizador*

A área é a forma básica de estruturación dos contidos en primaria. Esta forma de organización curricular facilita o seu tratamento rigoroso e contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Isto pode facerse *tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas que comentamos*; tamén e máis concretamente, por medio dos contidos comúns transversais que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento que se nos presenten.

*4. Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación*

Diversas investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento do alumnado. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial.

Os obxectivos da etapa, os obxectivos das áreas e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensinanza aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

## 8.- CONTIDOS (SUXEITOS AOS 3M DE DISTANCIA NO CASO DO CANTO E FRAUTA)

### BLOQUE 1. ESCOITA

- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.
- Asistencia a algunha representación musical.
- Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.
- Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.
- Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- Acento e pulso
- Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.
- Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista,dúo, trío e coro).
- Compases binarios e ternarios.
- Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.
- Manifestación das súas preferencias sonoras de instrumentos ou elementos sonoros.

### BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.
- Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.

- Identificación de diferentes instrumentos musicais.
- Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.
- Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.
- Dobre barra e DC.
- Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.
- Ditados melódicos sinxelos.
- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.
- Escritura da grafía musical convencional.
- Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.
- Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
- Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Construción dun instrumento.

BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA

- Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.
- Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.
- Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.
- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentesestilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.
- Asistencia a algunha representación musical.
- Interese polo repertorio tradicional deGalicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.

## 9.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### BLOQUE 1. ESCOITA

- Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.
- Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.

### BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.
- Coñecer a duración de cada figura e silencio musical.
- Escribir correctamente as notas musicais no pentagrama.
- Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.
- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

BLOQUE 3. MÚSICA E DANZA

- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.
- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

## 10.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

BLOQUE 1. ESCOITA

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
- Escribe e coñece a grafía musical convencional.
- Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.
- Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA

- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
- Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.
- Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
- Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

11.- SECUENCIACIÓN POR TRIMESTRE

1º TRIMESTRE

**PUNTO DE PARTIDA DO PRIMEIRO TRIMESTRE**

- **Enfoque do trimestre.** Este trimestre céntrase na reflexión sobre o son, as súas calidades e os elementos da linguaxe musical que gardan relación con todo iso. Os nenos, que experimentaron a música e o ritmo de forma intuitiva nos cursos anteriores, empezarán a estudar sistematicamente como se representan os diferentes parámetros na linguaxe musical convencional. A comparación entre notación convencional e notación non convencional facilita a comprensión dos conceptos. Igualmente, a variedade de actividades vinculadas coa expresión corporal dos elementos da música permitirá que os nenos e as nenas interioricen eses conceptos máis facilmente.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos exploraron de forma intuitiva as calidades do son, a diferenza entre son e silencio e o valor do ritmo nas interpretacións musicais. Tamén practicaron diferentes interpretacións, vocais e instrumentais, prestando atención a estes parámetros.
- **Previsión de dificultades.** A notación musical convencional utiliza símbolos que representan parámetros da melodía e do ritmo. Poden aparecer dificultades na discriminación entre velocidade e intensidade e os termos que as nomean e tamén no significado das figuras/notas.

| TAREFA | | |
|---|---|---|
| Cantar as seguintes cancións con xestos asociados:<br>“A raíña berengüela”<br>“Na festa de Monterrei”<br>“Monstros e demais”<br>“Así van as pequenas marionetas”<br>“Abre as portas Xesús” | Contidos | • Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións<br>• Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.<br>• Audición de obras musicais de distintas características e procedencias |
| | Criterios de avaliación | • Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>• |
| | Estándar de aprendizaxe | • Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br>• Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |

| | | |
|---|---|---|
| | Competencias |  CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Entoar parte da canción, realizando os xestos correspondentes de xeito axeitado. |
| Elementos do son: timbre, intensidade, duración e altura | Contidos |  Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. |
| | Criterios de avaliación |  Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto |
| | Estándar de aprendizaxe |  Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto |
| | Competencias |  CCL, CMCT, CAA. |
| | Criterio mínimo |  Diferenciar as distintas calidades do son. |
| Grafía convencional: As notas musicais no pentagrama, Figuras musicais | Contidos |  Escritura da grafía musical convencional.<br> Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios |
| | Criterios de avaliación |  Escribir correctamente as notas musicais no pentagrama.<br> Coñecer a duración de cada figura e silencio musical. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Escribe e coñece a grafía musical convencional. |
| | Competencias |  CCL, CMCT, CCEC |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterio mínimo |  Colocar correctamente as notas musicais no pentagrama coñecendo o valor de cada figura e silencio. |
| Descrición de sons en; agradables-molestos | Contidos |  Manifestación das súas preferencias sonoras de instrumentos ou elementos sonoros.<br> |
| | Criterios de avaliación |  Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto |
| | Estándar de aprendizaxe |  Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical |
| | Competencias |  CCL, CSIEE,CSC |
| | Criterio mínimo |  Manifestar o seu gusto por determinados sons |
| Audicións:<br>“Pedro e o lobo”Marcha, ballet crebanoces” Tchaikovsky | Contidos |  Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.<br> Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións<br> Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista,dúo, trío e coro |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación | . Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto<br> Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas |
| | Estándar de aprendizaxe | Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais<br> Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais |
| | Competencias | CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo | Apreciar o uso de diferentes instrumentos para representar distintas personaxes dunha obra |
| Musicogramas:<br>“Jazz pizzicato” Leroy Anderson<br>“Trisca trasca polka” de Johan Strauss | Contidos | Acento e pulso<br> Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias. |
| | Criterios de avaliación | Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe | • Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br>• Establece unha relación entre o que escoita e representao nun musicograma ou nunha partitura sinxela |
| | Competencias | • CAA, CCEC |
| | Criterio mínimo | • Seguir o musicograma sabendo an cada momento en que parte se está. |
| Os instrumentos musicais da aula de percusión metal, madeira e pel.<br>O violín | Contidos | • Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista,dúo, trío e coro).<br>• Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.<br>• Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas. |
| | Criterios de avaliación | • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto<br>• Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe |  Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.<br> Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.<br>Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento |
| | Competencias |  CCL. CCECC, CSIEE, CSC, CAA. |
| | Criterio mínimo |  Diferenza e utiliza correctamente distintos instrumentos presentes na aula.<br> Diferencia as cordas, o arco e a caixa de resonancia nun violín. |
| Danzas:<br>“Danza Celta”<br>“Danza das horas” | Contidos | Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias<br> Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br> Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.<br> Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. |
| | Estándar de aprendizaxe | Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura<br>Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social<br> Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| | Competencias |  CAA, CSC, CSIEE, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Participar na danza seguindo os diferentes movementos propostos. |

2º TRIMESTRE

**PUNTO DE PARTIDA DO SEGUNDO TRIMESTRE**

- **Enfoque do trimestre.** Neste trimestre, o traballo musical aborda a exploración cada vez máis sistemática dos sons do contorno, a reflexión sobre a voz como instrumento musical e a experimentación das calidades sonoras dos obxectos e das calidades expresivas e musicais do propio corpo. Por outra parte, o estudo da linguaxe musical enfócase desde dúas perspectivas:

  **Como linguaxe universal** co seu propio código, proponse un traballo sistemático e rigoroso de presentación e tratamento de elementos musicais, de modos específicos de representación do son e da música.

  **Como soporte creativo para a expresión persoal**,trabállanse modelos de notación musical non convencional nos que predomina a intuición musical, a expresión das propias ideas e sentimentos e a autonomía no proceso de creación musical.

  Finalmente, os obxectivos relacionados coa cultura musical intégranse ao longo das sesións como contexto da creación musical.

- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos estudaron un gran número de aspectos relacionados coa música e a súa representación, co que cada nova aprendizaxe deberá ser claramente relacionada coas adquisicións anteriores. Co que aprenderon ata agora dispoñen de recursos suficientes para facer da música un medio de expresión persoal, con resultados cada vez máis satisfactorios.

- **Previsión de dificultades.** A relación entre notación musical convencional e notación musical non convencional mostra dous modos de representar os sons e as melodías, seguindo ou non un código. A liberdade que ofrece a representación musical non convencional pode converterse nunha dificultade se os alumnos pretenden encontrar símbolos que teñan sempre un mesmo significado. Por iso, é aconsellable explicar que en cada musicograma ou liña melódica se representan aspectos diferentes da música e se utilizan símbolos especiais.

| TAREFA | | |
|---|---|---|
| Cantar as seguintes cancións con xestos asociados:<br>“ o inverno chegou xa”<br>“ Oh Susana”<br>“Asubiando ao traballador”<br>“Xa veu a primavera” | Contidos | - Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións<br>- Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.<br>- Audición de obras musicais de distintas características e procedencias |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.<br> Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br> |
| | Estándar de aprendizaxe |  Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br> Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| | Competencias |  CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Entoar parte da canción, realizando os xestos correspondentes de xeito axeitado. |
| Elementos do son: timbre, intensidade, duración e altura | Contidos |  Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. |
| | Criterios de avaliación |  Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe | • Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto |
| | Competencias | • CCL, CMCT, CAA. |
| | Criterio mínimo | • Diferenciar as distintas calidades do son. |
| Grafía convencional:<br>As notas musicais no pentagrama, ditados melódicos e rítmicos, compás binario e ternario, liñas divisorias | Contidos | • Escritura da grafía musical convencional.<br>• Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios<br>• Compases binarios e ternarios.<br>• Ditados melódicos sinxelos |
| | Criterios de avaliación | • Escribir correctamente as notas musicais no pentagrama.<br>• Coñecer a duración de cada figura e silencio musical. |
| | Estándar de aprendizaxe | • Escribe e coñece a grafía musical convencional. |
| | Competencias | • CCL, CMCT, CCEC |
| | Criterio mínimo | • Colocar correctamente as notas musicais no pentagrama coñecendo o valor de cada figura e silencio. |

| | | |
|---|---|---|
| Audicións:<br>“The beatles” | Contidos |  Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.<br> Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións<br> Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista,dúo, trío e coro |
| | Criterios de avaliación |  . Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto<br> Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas |
| | Estándar de aprendizaxe |  Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais<br> Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais |
| | Competencias |  CCL, CSC, CCEC |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterio mínimo | Apreciar o uso de diferentes instrumentos para representar distintas personaxes dunha obra |
| Musicogramas:<br>“Viaxe en zorra” Leopoldo Mozart<br>“O sombreiro de tres picos” de Manuel de Falla<br>“muiñeira de Pontesampaio” | Contidos | Acento e pulso<br>Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias. |
| | Criterios de avaliación | Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. |
| | Estándar de aprendizaxe | Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br>Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela |
| | Competencias | CAA, CCEC |
| | Criterio mínimo | Seguir o musicograma sabendo an cada momento en que parte se está. |

<table>
<tr><td rowspan="3">O piano<br>A guitarra<br>A arpa<br>A frauta traveseira</td><td>Contidos</td><td> Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista,dúo, trío e coro).<br> Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.<br> Identificación de diferentes instrumentos musicais.<br> Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.</td></tr>
<tr><td>Criterios de avaliación</td><td> Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto<br> Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.</td></tr>
<tr><td>Estándar de aprendizaxe</td><td> Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.<br> Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.<br>Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | Competencias | CCL. CCECC, CSIEE, CSC, CAA. |
| | Criterio mínimo | Diferenza nun piano o teclado, a caixa de resonancia e a tapa.<br>Diferenza na guitarra a caixa de resoncia, o mastro e o caravilleiro.<br>Diferenza na arpa a columna e a caixa de resonancia<br>Diferenza na frauta traveseira o bisel e as chaves |
| Danzas:<br>“Muiñeira de Pontesampaio”<br>“Os paxaros” de Camile Saint Saens | Contidos | Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias<br>Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo. |
| | Criterios de avaliación | Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.<br>Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe | Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura<br>Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social<br>Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| | Competencias | CAA, CSC, CSIEE, CCEC |
| | Criterio mínimo | Participar na danza seguindo os diferentes movementos propostos. |
| A frauta doce:<br>A nota si, a nota la | Contidos | Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións. |
| | Criterios de avaliación | Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. |
| | Estándar de aprendizaxe | Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras<br>Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar |
| | Competencias | CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterio mínimo |  Suxeita correctamente a frauta e ten control sobre o aire a hora de tocar. |

3º TRIMESTRE

**PUNTO DE PARTIDA DO TERCEIRO TRIMESTRE**

-  **Enfoque do trimestre.** Neste trimestre propóñense avances notables en actividades relacionadas coa improvisación e coa interpretación instrumental. Os tres obxectivos esenciais que persegue o traballo sobre interpretación instrumental son:

  **Que sexan capaces de leer partituras de forma fluída** e interpretalas con diversos instrumentos.

  **Que interpreten melodías e ritmos con diferentes fórmulas:** en forma de eco, en forma de pregunta-resposta, en forma de canon.

  **Que comecen a improvisar** a partir de fórmulas melódicas e rítmicas dadas.

  No ámbito da cultura musical, preséntanse varios tipos de instrumentos diferentes e trabállanse tanto a audición e a identificación, como a reflexión sobre as súas características sonoras.

  Nas actividades relacionadas coa danza e co movemento, abórdase o traballo de creación e improvisación para completar coreografías.

  As audicións musicais convértense en apoios para o traballo sobre os ámbitos musicais anteriores.

-  **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos son capaces de ler partituras con fluidez e de comprender aspectos expresivos desas partituras. Tamén desenvolveron notablemente a súa capacidade de discriminación auditiva de diversos aspectos musicais e sonoros, o cal é unha boa base para o traballo deste trimestre.
-  **Previsión de dificultades.** Neste caso, a dificultade pódese producir pola relación que os alumnos teñen que establecer entre algúns conceptos musicais e a

identificación do que eses conceptos musicais supoñen nunha obra clásica. Será imprescindible explicarlles con moita claridade, por exemplo, a estrutura ternaria dunha obra antes de que se identifique esa estrutura nunha audición.

| TAREFA | | |
|---|---|---|
| Cantar as seguintes cancións con xestos asociados:<br>"Unha señora cun sombreiro"<br>"As profesións"<br>"Ayer en la romería" | Contidos | - Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións<br>- Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.<br>- Audición de obras musicais de distintas características e procedencias |
| | Criterios de avaliación | - Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.<br>- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>- |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe |  Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br> Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| | Competencias |  CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Entoar parte da canción, realizando os xestos correspondentes de xeito axeitado. |
| Elementos do son: timbre, intensidade, duración e altura | Contidos |  Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. |
| | Criterios de avaliación |  Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto |
| | Estándar de aprendizaxe |  Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto |
| | Competencias |  CCL, CMCT, CAA. |
| | Criterio mínimo |  Diferenciar as distintas calidades do son. |

| | | |
|---|---|---|
| Grafía convencional:<br>As notas musicais no pentagrama, ditados melódicos e rítmicos, compás binario e ternario, liñas divisorias | Contidos | - Escritura da grafía musical convencional.<br>- Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios<br>- Compases binarios e ternarios.<br>- Ditados melódicos sinxelos |
| | Criterios de avaliación | - Escribir correctamente as notas musicais no pentagrama.<br>- Coñecer a duración de cada figura e silencio musical. |
| | Estándar de aprendizaxe | - Escribe e coñece a grafía musical convencional. |
| | Competencias | - CCL, CMCT, CCEC |
| | Criterio mínimo | - Colocar correctamente as notas musicais no pentagrama coñecendo o valor de cada figura e silencio. |
| Audicións:<br>"Música tradicional galega" | Contidos | - Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.<br>- Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións<br>- Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista,dúo, trío e coro |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación | . Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto<br> Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas |
| | Estándar de aprendizaxe | Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais<br> Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais |
| | Competencias | CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo | Apreciar o uso de diferentes instrumentos para representar distintas personaxes dunha obra |
| Musicogramas:<br>“Estando o señor don gato”<br>“Smoke on the water” | Contidos | Acento e pulso<br> Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias. |
| | Criterios de avaliación | Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe | • Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br>• Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela |
| | Competencias | • CAA, CCEC |
| | Criterio mínimo | • Seguir o musicograma sabendo an cada momento en que parte se está. |
| O clarinete<br>O óboe<br>A trompeta | Contidos | • Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista,dúo, trío e coro).<br>• Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.<br>• Identificación de diferentes instrumentos musicais.<br>• Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación | Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto<br>Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. |
| | Estándar de aprendizaxe | Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.<br>Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.<br>Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento |
| | Competencias | CCL. CCECC, CSIEE, CSC, CAA. |
| | Criterio mínimo | Diferenza no clarinete e no óboe as chaves e a lingüeta<br>Diferenza na trompeta os pistóns e a boquilla |
| Danzas:<br>“Alma Barca” de Carlos Núñez | Contidos | Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias<br>Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación | - Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.<br>- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. |
| | Estándar de aprendizaxe | - Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura<br>- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social<br>- Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| | Competencias | - CAA, CSC, CSIEE, CCEC |
| | Criterio mínimo | - Participar na danza seguindo os diferentes movementos propostos. |
| A frauta doce:<br>A nota sol | Contidos | - Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións. |
| | Criterios de avaliación | - Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe | Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras<br> Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br> Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar |
| | Competencias | CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC |
| | Criterio mínimo | Suxeita correctamente a frauta e ten control sobre o aire a hora de tocar. |

# Addenda resumo de mínimos avaliación de 3º de Primaria

A cada avaliación aplicaránselle as seguintes porcentaxes

| | |
|---|---|
| EXAMES ESCRITOS/ORAIS/PRÁCTICOS | 60% |
| TRABALLO AULA/CASA(Tarefas, actividades,libreta,taballo en equipo,saídas á pizarra,interpretación vocal,instrumental, movemento e audición) | 20% |
| ACTITUDE(esforzo,participación,atención, comportamento) | 20% |

*No caso dun confinamento, poderase sumar a porcentaxe dos exames escritos aos traballos entregados polas plataformas requeridas, ou aplicarse unicamente a  probas obxectivas realizadas por videoconferencia, videogravación, ou outros medios telemáticos requeridos.

**Criterios Mínimos por avaliación**

- **Interpretación vocal**

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | Sabe cantar de memoria a estrofa e o retrouso respectando o pulso, entoando adecuadamente e ampliando o rexistro. |

- **Interpretación instrumental**

| | |
|---|---|
| 15. Criterio mínimo | Toca as figuras que coñece relacionándoas coas escalas. |

| | |
|---|---|
| 16. Criterio mínimo | Comeza a usar a frauta coas notas si-la |

| | |
|---|---|
| 17. Criterio mínimo | Toca partituras coa frauta coas notas si,la,sol. |

Sons fortes e suaves, longos e curtos, agudos e graves

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | É quen de facer ditados ditados melódicos de 8ª con figuras básicas. Sabe as escalas |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | É quen de facer ditados ditados melódicos de 8ª introducindo semicorcheas.Sabe as escalas |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | É quen de facer ditados ditados melódicos de 8ª introducindo semicorcheas.Sabe as escalas. |

Identificar instrumentos

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | Diferenza todos os instrumentos e clasificalos en familia de madeira, pel e metal, coñece algúns das 3 pricipais familias, clasifícaos e introduce algunahas subfamilias. |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | Diferenza todos os instrumentos e clasificalos en familia de madeira, pel e metal, coñece as 3 pricipais familias, clasifíca os instrumentos e introduce as subfamilias. |

Grafía musical

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | Emitir con sílabas rítmicas e escribir a ditado correctamente a figura da branca, negra, a corchea e o silencio das tres, comezando a ler a semicorchea. |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | Comeza a traballar co pentagrama e a relacionar as escalas coas notas. |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | Le e escribe as notas no pentagrama de do grave a do agudo. |

Audicións

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | Escoitar atenta e activamente participando nas tarefas propostas. |

Realizar distintas danzas:

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | Participar activamente na actividade respectando aos compañeiros /as e realizando correctamente os pasos. |

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# EDUCACIÓN MUSICAL - 4º

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE A.R.CADARSO

ANO ACADÉMICO: 2021-2022

ÍNDICE:

1.- Introdución e medidas especiais covid.........páx. 3

2.- A Educación artística.................................. páx. 9

3.- As competencias clave.................................páx. 13

4.- A atención á diversidade..............................páx. 27

5.- Contidos transversais ..................................páx. 28

6.- A avaliación na Educación Primaria.......... páx. 30

7.- A metodoloxía didáctica .............................páx. 34

8.- Contidos.........................................................páx. 36

9.- Criterios de avaliación................................ páx.38

10.- Estándares de aprendizaxe .......................páx.39

11.- Secuenciación dos contidos, criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe, competencias e criterios mínimos por trimestre............................................ Páx. 41

## 1.- INTRODUCCIÓN.

Esta programación é un proxecto que pretende acadar unha serie de intencións educativas previstas: obxectivos e competencias básicas. Este feito será posible a través do establecemento dunhas propostas educativas concretas, que redundou na elaboración dunha secuencia de unidades didácticas que configurou as programacións de aula e que ten como fin o traballo dos contidos establecidos para o curso en cuestión. Dedúcese polo tanto unha necesidade de planificación e de orde, que se antollan fundamentais no proceso de ensino – aprendizaxe.

Pola natureza dos seus compoñentes, esta programación non é un documento pechado, senón provisto de dúas condicións esenciais: apertura e flexibilidade. Estas dúas pautas permitirán o manexo de situacións imprevistas, a toma de camiños alternativos ou a posibilidade de introducir melloras mediante un proceso continuo de retroalimentación.

Aínda que xa implícitos na formulación dos obxectivos e nas competencias básicas, debemos resaltar que este plan de acción pretendeu unha especial consideración a aspectos que afectan á Natureza, á Sociedade en xeral e ao Individuo en particular pola súa importancia e o seu carácter acúcante no entorno do alumnado, polo tanto é patente o compromiso cun enfoque interdisciplinar e globalizado e coa educación en valores.

O centro para o que se propón a programación eríxese no municipio costeiro de Noia, situado na Ría de Muros e Noia, na provincia de A Coruña. O estrato socio-económico xeral é medio-baixo, adicándose unha alta porcentaxe dos pais a tarefas relacionadas co marisqueo e o comercio. Dado o interese turístico da zona, tamén hai pais e nais propietarios de negocios de hostalería.

A disposición horaria do centro é: xornada continuada de 9’30 a 14’30 horas. No que atinxe ao ámbito sociolingüístico, cabe sinalar que a tendencia destes últimos anos é a que lingua máis utilizada é o castelán .

A nivel musical existe conservatorio local, dúas academias privadas de música, clases de música e baile tradicional, ballet e baile moderno.

Debido ás condicións especiais deste curso, polo Covid 19, a antedita programación farase efectiva seguindo as instrucións da orde do 30 de xullo. Para elo

terase en conta que, principalmente, o primeiro trimestre será un tempo de reforzo das aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

Logo de lido o informe final individualizado do curso anterior, procederase a realizar a avaliación inicial, e, coa información obtida, procederase a reforzar as aprendizaxes e competencias non acadadas do curso anterior, utilizando metodoloxías globais que promovan a aprendizaxe cooperativa, o uso das tics, a autoaprendizaxe, o pensamento crítico, creativo e a investigación a través do traballo por proxectos.

Especial atención prestarase aos problemas que pode ocasionar o canto ou os instrumentos de vento, que tan só se utilizarán de xeito individual a distancia de 3 metros do resto do grupo, ou de xeito grupal, no exterior e coa distancia citada.

E atendendo sempre a unha posible semipresencialidade, ou non presencialidade, tódolos contidos posibles serán presentados a través da Aula virtual do centro, para habitualos a ser usuarios cotiás de dita ferramenta, tal e como se fixo o curso anterior.

## MARCO LEGAL:

- LOE Texto consolidado coas incorporacións da LOMCE (BOE 30-12-2013)
- LOMCE Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei Orgánica 2/2006 de Educación do 3 de maio
- Decreto 105/2014 do 4 de Setembro, polo que establece o currículo para a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación.
- Orde do 6 de outubro de 1995 sobre regulación do reforzo educativo e a adaptación curricular.
- Decreto 320 do 26 de xullo de 1996 de ordenación da educación de alumnado con necesidades educativa especiais.

## A TEMPORALIZACIÓN

Seguirase o calendario escolar do presente curso, observamos que disporemos de aproximadamente unhas trinta e cinco sesións para a súa aplicación, tendo en conta a posibilidade de festivos locais, saídas...etc.

## A AULA DE MÚSICA:

Sitúase no andar primeiro do edificio do centro.. A súa disposición será acorde coa metodoloxía a empregar**,** procurarase unha boa organización espacial, facilitando espazos de

traballo en grupo e organizando os recursos materiais de xeito que estean accesibles cando sexa preciso, pero recollidos cando non. A aula está distribuída da seguinte maneira**:** as cadeiras con paleta dos alumnos dispóñense en filas ocupando a parte dianteira da aula, orientadas cara a pizarra que se dispón na parte frontal. O espazo posterior destinarase á práctica vocal, instrumental (orquestra Orff), corporal, traballos colectivos, etc Na marxe dereita da aula hai armarios e mesas para gardar instrumentos, materiais e libretas. Isto facilitará ter a aula ordenada. Na marxe esquerda da aula está a mesa de traballo do mestre onde dispoñemos do ordenador conectado ó canón proxector, o equipo de son, e o teclado. Fóra da aula, na biblioteca contamos cuns andeis en forma de pentagrama onde poden gozar de lecturas relacionadas coa música e dos audiocds. Contamos cun local á parte onde realizamos radio escolar nos recreos, agás os venres, que abrimos a aula de música para que os que queiran poidan actuar cantando, bailando ou tocando o seu instrumento. Aínda que este curso, todo o citado, está condicionado polas normas covid de distaciamento e desinfección.

## A EDUCACIÓN PRIMARIA:

A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e as aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## OS PRINCIPIOS DIDÁCTICOS

Analizando as orientacións xerais da etapa e as específicas para a área de Música extráense un conxunto de principios marco que describimos a continuación:

*1. Promover o desenvolvemento de competencias básicas*

Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles aos alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse dun xeito eficaz na sociedade en que viven.

Os currículos actuais subliñan nos obxectivos xerais da etapa, nos obxectivos das áreas e nos criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, procura e selección de información significativa etc.) que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma.

A LOMCE xa identifica, nos compoñentes do currículo, as competencias básicas. As competencias van constituír un referente de capacidade nos alumnos para saber facer, para obrar; serán concretadas na área de Música, que é a que nos ocupa e configurarán un dos eixes esenciais para guiar o proceso de ensinanza aprendizaxe e o proceso avaliador.

*2. Considerar o nivel de capacidade do alumno*

Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos.

*3. Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos por medio do enfoque globalizador*

A área é a forma básica de estruturación dos contidos en primaria. Esta forma de organización curricular facilita o seu tratamento rigoroso e contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Isto pode facerse *tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas que comentamos*; tamén e máis concretamente, por medio dos contidos comúns transversais que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento que se nos presenten.

*4. Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación*

Diversas investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento do alumnado. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial.

Os obxectivos da etapa, os obxectivos das áreas e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensinanza aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

## A METODOLOXÍA EDUCATIVA

Baséase nos principios de intervención educativa que concretamos do seguinte xeito:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, para construír outras aprendizaxes que o favorezan e melloren.

- Destácase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas no traballo da área que nos ocupa.
- Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan.
- Facilítanse as oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu.

Estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan quen de aprender de forma autónoma.

## 2.- A EDUCACIÓN ARTÍSTICA

A expresión artística é connatural ás persoas desde a orixe dos tempos como medio de comunicación, vía para descargar enerxías, actividade pracenteira, evasión ou instrumento para acadar o equilibrio interior, posibilidade de lograr unha aprendizaxe emocional ou forma de cuestionar o establecido.

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no medio e na vida privada e pública das persoas. As artes son imprescindibles no desenvolvemento expresivo individual e social e son parte esencial do patrimonio cultural. Con elas somos quen de darlle forma á nosa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción; con elas participamos en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construción da identidade persoal e social, con elas conformamos a identidade nacional, e mantemos un diálogo aberto e constante coas outras culturas, proporcionando espazos de relación nos cales flúen experiencias, significados, emocións, sentimentos, ideas e pensamentos.

Na educación primaria, a área de Música desenvolverá as capacidades básicas relacionadas coa percepción e interpretación das representacións musicais e coa expresión de pensamentos, sentimentos e emocións; é dicir, desenvolverá a dimensión comunicativa dos procesos artísticos.

A linguaxe musical constitúe un ámbito artístico específico con características

propias. No ámbito da música e dos eixes en que se articula a área (percepción e expresión) distribúense os contidos en dous bloques.

Esta maneira de estruturar o conxunto de contidos da área non indica en absoluto que se deban desenvolver independentemente uns doutros, o que queda de manifesto ao comprobar a interrelación que existe entre eles.

O *bloque 1 Escoita*, recolle os contidos relacionados co desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva.

O *bloque 2 Interpretación musical*, aborda o desenvolvemento de habilidades técnicas e de capacidades vinculadas coa interpretación e coa improvisación e a creación de distintas producións musicais resultantes da exploración, da selección e da combinación de movementos e de sons.

*O bloque 3 A música, o movemento e a danza,* está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

Os elementos da música e os seus referentes culturais non se disocian dela; por isto, tanto os contidos da linguaxe musical coma os referidos á música como expresión cultural están explícitos ou implícitos nos dous bloques.

A actividade do alumnado é moi importante para que esa aprendizaxe se produza. Non se trata só dunha actividade externa, senón, e fundamentalmente, dunha actividade mental que lle permita formular interrogantes e buscar estratexias para resolvelos, relacionar o que sabe co novo que se lle presenta e abordar novas propostas nas que a percepción, expresión, reflexión e intercambio de ideas formarán parte esencial do proceso de aprendizaxe. O traballo artístico deberá partir da experiencia persoal, dos saberes que o alumnado posúe social e colectivamente e da investigación e recoñecemento das propias características e posibilidades. A progresión do alumnado require de estratexias persoalizadas que lle permitan avanzar e afianzar destrezas, coñecementos e actitudes no ámbito musical. Neste contexto debe estar presente a loita contra os estereotipos e os roles preestablecidos, polo que se deben proporcionar oportunidades, alternativas e recursos múltiples que faciliten a reflexión e o desenvolvemento do xuízo crítico.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

2. Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.

3. Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilizalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.

4. Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.

5. Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

6. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións musicais.

7. Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.

8. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, a busca de información e a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.

9. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego

apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.

10. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

11. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

12. Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

13. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo dos artistas e gozando como público na observación e recreación das súas propias producións.

14. Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

## 3.- AS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave da educación primaria son o conxunto de destrezas, coñecementos e actitudes axeitadas ao contexto que todo o alumnado debe alcanzar para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a integración social.

O currículo da Educación Primaria deberá incluír, de acordo co establecido no Anexo I do Real Decreto 1513/2006, do 7 de decembro, cando menos, as competencias básicas que a seguir citamos, precisando os obxectivos xerais que prevé a Xunta de Galicia con respecto a estas, así como unha descrición referida á achega á área de Música:

### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

*Achegas á área de Música:*

Permite o aumento significativo da riqueza en vocabulario específico; a participación en intercambios comunicativos sobre experiencias de audición e interpretación (coloquios, debates, diálogos); a descrición de procesos de traballo; a argumentación sobre as solucións dadas ou na valoración da obra artístico musical e o achegamento a textos variados (informativos, narrativos, descritivos) nos que se presente información sobre autores, intérpretes, épocas, estilos. Por outro lado, a linguaxe literaria presenta multitude de figuras retóricas (metáfora, sinestesia, onomatopea) de indubidable proxección e interese para o traballo de educación musical.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

*Achegas á área de Música:*

As experiencias levadas adiante por medio da Educación Artística van favorecer a percepción, estruturación e representación de contidos de concepto, procedemento e actitude ligados á percepción e estruturación do espazo (danza) e do tempo (ritmo). Fai posible o estudo e comparación de materiais empregados na área e a súa relación con prezos e ofertas puntuais, o que implica educación para o consumo, ámbito formativo que tamén pode atopar en Educación artístico-musical un referente esencial para o seu estímulo.

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer, valorar e gozar do medio natural, social e cultural; as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos

de comportamento que favorezan o seu coidado.

*Achegas á área de Música:*

Estimular a apreciación do medio a través do traballo perceptivo e representativo con sons, ruídos e movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas. O medio pode ser pretexto para a creación artística; o traballo de educación musical explórao e incorpórao recreándoo para darlle unha dimensión que proporcione gozo e contribúa ao enriquecemento da vida das persoas. Por outra parte, a Educación artística musical ten en conta outra dimensión igualmente importante, a que compete ás agresións que deterioran a calidade de vida, como a contaminación acústica e a necesidade de contribuír a preservar un medio físico agradable e saudable.

COMPETENCIA DIXITAL

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Iniciarse nouso para a aprendizaxe das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- Empregar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

*Achegas á área de Música:*

A Educación artístico musical dá pulo á utilización básica do ordenador e do conxunto de tecnoloxías da información e comunicación para amosar procesos relacionados coas artes (acceso, observación e expresión). Permite a creación de producións artísticas integrando distintas linguaxes (plástica, visual, verbal, musical), a análise da imaxe, do son e das mensaxes que estes transmiten, a procura de información sobre manifestacións artísticas próximas á localidade onde está o centro ou a aquelas que se celebren na Comunidade de Galicia para o seu coñecemento e gozo do alumnado, e, tamén, á selección ou intercambio de informacións referidas a creacións musicais do pasado e do presente doutros pobos, culturas e momentos. O seu emprego facilitará o achegamento, aprecio e

consideración da obra musical como manifestación artística dentro dun determinado contexto sociocultural e a súa achega á cultura e pautas de vida da Comunidade de Galicia e do conxunto do Estado. Os traballos orientados a impulsar esta competencia incidirán na procura, selección, valoración, gravación e análise de propostas de raíces, instrumentos e autores.

### Competencias sociais e cívicas

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer e apreciar os valores e as normas da convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona o alumnado.
- Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.
| | Estándar de aprendizaxe |  Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento<br> Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.<br> Coñece a dixitación das notas na frauta. |
| | Competencias |  CCL, CAA, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Colle a frauta correctamente, soprando cunha intensidade adecuada e realizando a dixitación correspondente de cada nota. |
| Interpretación de partituras non | Contidos |  Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. |

| | | |
|---|---|---|
| convencionais. | Criterios de avaliación |  Participar en producións musicais sinxelas de maneira desinhibida e pracenteira, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura. |
| | Competencias |  CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Seguir en cada momento a parte da partitura non convencional. |
| Musicogramas:<br>"Setimino" de Beethoven<br>"The waltzing cat" Leroy Anderson | Contidos |  Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.<br> Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical.<br> Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores<br> |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relación existentes, e facer unha valoración posterior |
| | Estándar de aprendizaxe |  Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical<br>Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br> |
| | Competencias | CCL, CSC, CAA, CSIEE |
| | Criterio mínimo | Diferenza as distintas partes que existen nunha obra musical seguindo un musicograma. |
| Os instrumentos:<br>Tipos de frautas<br>A Trompa<br>A Tuba | Contidos |  Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).<br> Agrupacións instrumentais (orquestra,banda, tuna etc.). |
| | Criterios de avaliación |  Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). |

| | | |
|---|---|---|
| | Competencias | CCL, CCEC |
| | Criterio mínimo | Diferenciar entre frautas de pico, traveseiras e galegas<br>Diferenciar na trompa a embocadura, o cilindro e a campá.<br>Diferenciar na tuba a boquilla, as chaves e a campá. |
| Danzas:<br>"Marcha de Brian" | Contidos | Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.<br>Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.<br>Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas |
| | Criterios de avaliación | Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de forma lúdica<br>Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe | Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social<br> Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br> Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.<br> Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.<br> Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.<br>Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resulta |
| | Competencias | CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC |
| | Criterio mínimo | Participar activamente na produción da danza.<br>Recoñecer o corpo como forma de expresión artística. |
| Audicións:<br>“Abracadabra” de Alaska.<br>“A música no cine” | Contidos |  Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. |

| | | |
|---|---|---|
| “Estilos musicais” | Criterios de avaliación |  Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relación existentes, e facer unha valoración posterior |
| | Estándar de aprendizaxe |  Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical<br> Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br> Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras<br> Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| | Competencias | CCL, CSC, CSIEE, CCEC |
| | Criterio mínimo | Manter unha actitude correcta durante a escoita aportando a súa opinión persoal sobre a música escoitada. |

3º TRIMESTRE

**PUNTO DE PARTIDA DO TERCEIRO TRIMESTRE**

 **Enfoque do trimestre.** Neste trimestre propóñense avances notables en actividades relacionadas coa improvisación e coa interpretación instrumental e vocal. Hai tres obxectivos esenciais que persegue o traballo sobre interpretación instrumental:

**Que os alumnos sexan capaces de ler e interpretar partituras** con diversos instrumentos.

**Que interpreten e creen melodías, ritmos e acompañamentos con diferentes fórmulas.**

**Que improvisen e experimenten** a partir de fórmulas melódicas e rítmicas dadas.

No ámbito da cultura musical, preséntase a orquestra e traballase tanto a audición como a identificación das súas características sonoras.

Nas actividades relacionadas coa danza e co movemento, abórdase o traballo de creación e improvisación dunha coreografía a partir dun texto.

As audicións musicais convértense en apoios para o traballo sobre os ámbitos musicais anteriores.

-  **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos son capaces de distinguir as agrupacións vocais e as formas en que se manifestan (só, coros, ao unísono, a capela…). Tamén coñecen algunhas formas musicais que lles permitirán crear melodías. Así mesmo, coñecen unha gran variedade de instrumentos que son capaces de organizar en familias.
-  **Previsión de dificultades.** Neste trimestre as dificultades poden aparecer á hora de crear unha melodía para despois compoñer unha obra integrándoa con outra. Tamén poden encontrar algunha dificultade ao aplicar os signos *Da Capo* e *Da Capo a Fine*. Será imprescindible explicarlles con moita claridade a estrutura dunha orquestra e como se organiza tendo en conta as familias de instrumentos.

TAREFA

| | | |
|---|---|---|
| Interpretación vocal das seguintes cancións con xestos asociados:<br>“Levántate Maio”<br>“Orquestra de animais”<br>“No fondo do mar”<br>“O sacristán de Coimbra”<br>“Canción popular Africana” | Contidos |  Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado<br> Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical<br> Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.<br> Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. |
| | Criterios de avaliación |  Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relación existentes, e facer unha valoración posterior<br> Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe |  Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais<br> Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia<br> Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento<br> Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar<br> Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.<br> Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| | Competencias | CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo | Cumpre as normas da actividade de escoita e participa no canto e no baile. |

| | | |
|---|---|---|
| Grafía convencional:<br>A sílaba tónica e o acento<br>Elementos da música | Contidos |  Ditados rítmicos con figuras de negra,branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.<br> Ditados melódico-rítmicos sinxelos.<br> Coñecemento e aplicación da grafía musical convencional.<br> Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.<br> Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito |
| | Criterios de avaliación |  Coñecer e usar a grafía musical convencional. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.<br> Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.<br> Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. |
| | Competencias |  CCL, CCEC, CMCT, CAA |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterio mínimo |  Coñece a duración de cada figura.<br> Coloca correctamente as notas no pentagrama.<br> Distinguir e empregar adecuadamente os distintos símbolos de repetición.<br> Distinguir un compás binario dun ternario.<br> Elaborar unha melodía para un texto dado. |
| A frauta:<br>Interpretación de diferentes cancións e exercicios. | Contidos |  Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento.<br> Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións. |
| | Criterios de avaliación |  Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.<br> Participar en producións musicais sinxelas de maneira desinhibida e pracenteira, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe |  Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento<br> Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.<br> Coñece a dixitación das notas na frauta. |
| | Competencias |  CCL, CAA, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Colle a frauta correctamente, soprando cunha intensidade adecuada e realizando a dixitación correspondente de cada nota.<br> Segue o pulso e ritmo adecuadamente na súa execución. |
| Interpretación de partituras non convencionais. | Contidos |  Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. |
| | Criterios de avaliación |  Participar en producións musicais sinxelas de maneira desinhibida e pracenteira, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura. |
| | Competencias |  CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterio mínimo |  Seguir en cada momento a parte da partitura non convencional. |
| Instrumentos de percusión da aula: altura determinada e indeterminada. | Contidos |  Recoñecemento de calidades dos sons: timbre.<br> Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).<br> Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento<br> Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.<br> Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.<br> Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.<br> Participar en producións musicais sinxelas de maneira desinhibida e pracenteira, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración. |

| | | |
|---|---|---|
| | Estándar de aprendizaxe |  Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br> Identifica de forma visual e auditiva os instrumentos.<br> Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).<br> Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.<br> Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. |
| | Competencias | CCL, CMCT, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Recoñece auditivamente os distintos instrumentos da aula.<br>Manexa axeitadamente os distintos instrumentos. |

| | | |
|---|---|---|
| Musicogramas:<br>“Concerto de Aranxuez” de Joaquín Rodrigo | Contidos |  Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.<br> Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical.<br> Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores<br> |
| | Criterios de avaliación |  Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relación existentes, e facer unha valoración posterior |
| | Estándar de aprendizaxe |  Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical<br>Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br> |
| | Competencias | CCL, CSC, CAA, CSIEE |
| | Criterio mínimo | Diferenza as distintas partes que existen nunha obra musical seguindo un musicograma. |

| | | |
|---|---|---|
| Os instrumentos:<br>Instrumentos de lingüeta simple e dobre<br>A percusión na orquestra | Contidos |  Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).<br> Agrupacións instrumentais (orquestra,banda, tuna etc.). |
| | Criterios de avaliación |  Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). |
| | Competencias | CCL, CCEC |
| | Criterio mínimo | Diferenciar entre instrumentos de lingüeta simple e dobre. |
| Danzas:<br>"Marcha procesional de Mato" de Luar na Lubre<br>"Grease" | Contidos |  Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.<br> Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.<br> Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de forma lúdica<br> Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. |
| | Estándar de aprendizaxe | Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social<br> Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br> Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.<br> Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.<br> Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.<br>Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resulta |
| | Competencias | CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterio mínimo | Participar activamente na produción da danza.<br>Recoñecer o corpo como forma de expresión artística. |
| Audicións:<br>"O jazz en Galicia"<br>"A música rock e folk en Galicia" | Contidos | Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. |
| | Criterios de avaliación | Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relación existentes, e facer unha valoración posterior |
| | Estándar de aprendizaxe | Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical<br>Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br>Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras<br>Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| | Competencias | CCL, CSC, CSIEE, CCEC |
| | Criterio mínimo | Manter unha actitude correcta durante a escoita aportando a súa opinión persoal sobre a música escoitada. |

| | | |
|---|---|---|
| Concerto didáctico fóra ou no centro | Contidos | Asistencia a representacións musicais |
| | Criterios de avaliación | Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relación existentes, e facer unha valoración posterior<br>Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer. |
| | Estándar de aprendizaxe | Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| | Competencias | CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo | Ter un comportamento correcto dentro da actividade dunha audición en directo, prestando toda a súa atención durante o evento |
| Festival de música e danza no centro escolar | Contidos | Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical<br>Reprodución de pezas |

| | | |
|---|---|---|
| | | instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento<br> Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.<br>Gravación e rexistro da interpretación.<br> Proxecto: concerto ou musical.<br> Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.<br> Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.<br> Proxecto: certame de danza. |
| | Criterios de avaliación | Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.<br>Participar en producións |

| | | |
|---|---|---|
| | | musicais sinxelas de maneira desinhibida e pracenteira, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.<br> Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de forma lúdica.<br><br> Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.<br> Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade oucon sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.<br>Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con |

| | | |
|---|---|---|
| | | distintos agrupamentos, con e sen acompañamento<br> Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo<br> Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.<br> Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.<br> Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| | Competencias | CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC |
| | Criterio mínimo | Participa activamente no ensaio e posta en escena das obras poñendo todo o seu interese e esforzo. |

# Addenda resumo mínimos avaliación de 5º de Primaria

A cada avaliación aplicaránselle as seguintes porcentaxes

| | |
|---|---|
| EXAMES ESCRITOS/ORAIS/PRÁCTICOS | 60% |
| TRABALLO AULA/CASA(Tarefas, actividades,libreta,taballo en equipo,saídas á pizarra,interpretación vocal,instrumental, movemento e audición) | 20% |
| ACTITUDE(esforzo,participación,atención, comportamento) | 20% |

*No caso dun confinamento, poderase sumar a porcentaxe dos exames escritos aos traballos entregados polas plataformas requeridas, ou aplicarse unicamente a probas obxectivas realizadas por videoconferencia, videogravación, ou outros medios telemáticos requeridos.

**Criterios Mínimos por avaliación**

-  **Interpretación vocal**

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Sabe cantar de memoria a estrofa e o retrouso respectando o pulso e entoando adecuadamente ampliando o rexistro. |

-  **Interpretación instrumental**

| | |
|---|---|
| 15. C riterio mínimo | Le e toca partituras con rexistro de 8ª na placa e na frauta |

| | |
|---|---|
| 16. C riterio mínimo | Amplia o rexistro de 8ª coa frauta |

Sons fortes e suaves, longos e curtos, agudos e graves

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - É quen de facer ditados ditados melódicos de 8ª ou 5ª |

Identificar instrumentos

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | Coñece as subfamilias e clasifica nelas os instrumentos. |

Grafía musical

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Escribe e le as figuras e notas no pentagrama ampliando o rexistro de 8ª |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Coñece signos de amliación da duración, como puntiño e ligadura. |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Entende e escribe as notas alteraradas e os signos de repetición. |

Audicións

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Escoitar atenta e activamente participando nas tarefas propostas. |

Realizar distintas danzas:

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | - Participar activamente na actividade respectando aos compañeiros /as e realizando correctamente os pasos coñecendo puntos ou pasos básicos. |

Informática Musical

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | É quen de escribir partituras simples no Musescore, doutras persoas ou de creación propia. |

| | |
|---|---|
| Criterio mínimo | É quen de manexar o Audacity para realizar gravacións. |

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# EDUCACIÓN MUSICAL - 6º

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE A.R.CADARSO

ANO ACADÉMICO: 2021-2022

ÍNDICE:

1.- Introdución e normas básicas covid.....páx. 3

2.- A Educación artística........................... páx. 9

3.- As competencias básicas.....................páx. 12

4.- A atención á diversidade......................páx. 26

5.- Contidos transversais ..........................páx. 27

6.- A avaliación na Educación Primaria.... páx. 29

7.- A metodoloxía didáctica ......................páx. 32

8.- Contidos...............................................páx. 34

9.- Criterios de avaliación......................... páx.36

10.- Estándares de aprendizaxe ...............páx.37

11.- Secuenciación por trimestres dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e criterios mínimos..................................... páx. 39

## 1.- INTRODUCCIÓN.

Esta programación é unproxectoque pretende acadar unha serie de intencións educativas previstas: obxectivos e competencias básicas. Este feito será posible a través do establecemento dunhas propostas educativas concretas, que redundou na elaboración dunha secuencia de unidades didácticas que configurou as programacións de aula e que ten como fin o traballo dos contidos establecidos para o curso en cuestión. Dedúcese polo tanto unha necesidade de planificación e de orde, que se antollan fundamentais no proceso de ensino – aprendizaxe.

Pola natureza dos seus compoñentes, esta programación non é un documento pechado, senón provisto de dúas condicións esenciais: apertura e flexibilidade. Estas dúas pautas permitirán o manexo de situacións imprevistas, a toma de camiños alternativos ou a posibilidade de introducir melloras mediante un proceso continuo de retroalimentación.

Aínda que xa implícitos na formulación dos obxectivos e nas competencias básicas, debemos resaltar que este plan de acción pretendeu unha especial consideración a aspectos que afectan á Natureza, á Sociedade en xeral e ao Individuo en particular pola súa importancia e o seu carácter acuciante no entorno do alumnado, polo tanto é patente o compromiso cun enfoque interdisciplinar e globalizado e coa educación en valores.

O centro para o que se propón a programación eríxese no municipio costeiro de Noia, situado na Ría de Muros e Noia, na provincia de A Coruña. O estrato socio-económico xeral é medio-baixo, adicándose unha alta porcentaxe dos pais a tarefas relacionadas co marisqueo e o comercio. Dado o interese turístico da zona, tamén hai pais e nais propietarios de negocios de hostalería.

A disposición horaria do centro é: xornada continuada de 9’30 a 14’30 horas. No que atinxe ao ámbito sociolingüístico, cabe sinalar que a tendencia destes últimos anos é a que lingua máis utilizada é o castelán .

A nivel musical existe conservatorio local, dúas academias privadas de música, clases de música e baile tradicional, ballet e baile moderno.

Debido ás condicións especiais deste curso, polo Covid 19, a antedita programación farase efectiva seguindo as instrucións da orde do 30 de xullo. Para elo

terase en conta que, principalmente, o primeiro trimestre será un tempo de reforzo das aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

Logo de lido o informe final individualizado do curso anterior, procederase a realizar a avaliación inicial, e, coa información obtida, procederase a reforzar as aprendizaxes e competencias non acadadas do curso anterior, utilizando metodoloxías globais que promovan a aprendizaxe cooperativa, o uso das tics, a autoaprendizaxe, o pensamento crítico, creativo e a investigación a través do traballo por proxectos.

Especial atención prestarase aos problemas que pode ocasionar o canto ou os instrumentos de vento, que tan só se utilizarán de xeito individual a distancia de 3 metros do resto do grupo, ou de xeito grupal, no exterior e coa distancia citada.

E atendendo sempre a unha posible semipresencialidade, ou non presencialidade, tódolos contidos posibles serán presentados a través da Aula virtual do centro, para habitualos a ser usuarios cotiás de dita ferramenta, tal e como se fixo o curso anterior.

## MARCO LEGAL:

- LOE Texto consolidado coas incorporacións da LOMCE (BOE 30-12-2013)
- LOMCE Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei Orgánica 2/2006 de Educación do 3 de maio
- Decreto 105/2014 do 4 de Setembro, polo que establece o currículo para a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación.
- Orde do 6 de outubro de 1995 sobre regulación do reforzo educativo e a adaptación curricular.
- Decreto 320 do 26 de xullo de 1996 de ordenación da educación de alumnado con necesidades educativa especiais.

## A TEMPORALIZACIÓN

Seguirase o calendario escolar do presente, observamos que disporemos de aproximadamente unhas trinta e cinco sesións para a súa aplicación, tendo en conta a posibilidade de festivos locais, saídas...etc.

## A AULA DE MÚSICA:

Sitúase no andar primeiro do edificio do centro.. A súa disposición será acorde coa metodoloxía a empregar**,** procurarase unha boa organización espacial, facilitando espazos de traballo en grupo e organizando os recursos materiais de xeito que estean accesibles cando sexa preciso, pero recollidos cando non. A aula está distribuída da seguinte maneira***:*** as cadeiras con paleta dos alumnos dispóñense en filas ocupando a parte dianteira da aula, orientadas cara a pizarra que se dispón na parte frontal. O espazo posterior destinarase á práctica vocal, instrumental (orquestra Orff), corporal, traballos colectivos, etc Na marxe dereita da aula hai armarios e mesas para gardar instrumentos, materiais e libretas. Isto facilitará ter a aula ordenada. Na marxe esquerda da aula está a mesa de traballo do mestre onde dispoñemos do ordenador conectado ó canón proxector, o equipo de son, e o teclado. Fóra da aula, na biblioteca contamos cuns andeis en forma de pentagrama onde poden gozar de lecturas relacionadas coa música e dos audiocds. Contamos cun local á parte onde realizamos radio escolar nos recreos, agás os venres, que abrimos a aula de música para que os que queiran poidan actuar cantando, bailando ou tocando o seu instrumento. Aínda que este ano, todo o anterior está condicionado polas normas covid de distanciamento e desinfección.

## A EDUCACIÓN PRIMARIA

A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e as aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepárárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## OS PRINCIPIOS DIDÁCTICOS

Analizando as orientacións xerais da etapa e as específicas para a área de Música extráense un conxunto de principios marco que describimos a continuación:

*1. Promover o desenvolvemento de competencias básicas*

Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles aos alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse dun xeito eficaz na sociedade en que viven.

Os currículos actuais subliñan nos obxectivos xerais da etapa, nos obxectivos das áreas e nos criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, procura e selección de información significativa etc.) que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma.

A LOMCE xa identifica, nos compoñentes do currículo, as competencias básicas. As competencias van constituír un referente de capacidade nos alumnos para saber facer, para obrar; serán concretadas na área de Música, que é a que nos ocupa e configurarán un dos eixes esenciais para guiar o proceso de ensinanza aprendizaxe e o proceso avaliador.

*2. Considerar o nivel de capacidade do alumno*

Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos.

*3. Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos por medio do enfoque globalizador*

A área é a forma básica de estruturación dos contidos en primaria. Esta forma de organización curricular facilita o seu tratamento rigoroso e contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Isto pode facerse *tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas que comentamos*; tamén e máis concretamente, por medio dos contidos comúns transversais que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento que se nos presenten.

*4. Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación*

Diversas investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento do alumnado. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial.

Os obxectivos da etapa, os obxectivos das áreas e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensinanza aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

## A METODOLOXÍA EDUCATIVA

Baséase nos principios de intervención educativa que concretamos do seguinte xeito:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, para construír outras aprendizaxes que o favorezan e melloren.

- Destácase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas no traballo da área que nos ocupa.
- Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan.
- Facilítanse as oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu.

Estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan quen de aprender de forma autónoma.

## 2.- A EDUCACIÓN ARTÍSTICA

A expresión artística é connatural ás persoas desde a orixe dos tempos como medio de comunicación, vía para descargar enerxías, actividade pracenteira, evasión ou instrumento para acadar o equilibrio interior, posibilidade de lograr unha aprendizaxe emocional ou forma de cuestionar o establecido.

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no medio e na vida privada e pública das persoas. As artes son imprescindibles no desenvolvemento expresivo individual e social e son parte esencial do patrimonio cultural. Con elas somos quen de darlle forma á nosa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción; con elas participamos en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construción da identidade persoal e social, con elas conformamos a identidade nacional, e mantemos un diálogo aberto e constante coas outras culturas, proporcionando espazos de relación nos cales flúen experiencias, significados, emocións, sentimentos, ideas e pensamentos.

Na educación primaria, a área de Música desenvolverá as capacidades básicas relacionadas coa percepción e interpretación das representacións musicais e coa expresión de pensamentos, sentimentos e emocións; é dicir, desenvolverá a dimensión comunicativa dos procesos artísticos.

A linguaxe musical constitúe un ámbito artístico específico con características propias. No ámbito da música e dos eixes en que se articula a área (percepción e expresión) distribúense os contidos en dous bloques.

Esta maneira de estruturar o conxunto de contidos da área non indica en absoluto que se deban desenvolver independentemente uns doutros, o que queda de manifesto ao comprobar a interrelación que existe entre eles.

O *bloque 1 Escoita*, recolle os contidos relacionados co desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva.

O *bloque 2 Interpretación musical*, aborda o desenvolvemento de habilidades técnicas e de capacidades vinculadas coa interpretación e coa improvisación e a creación de distintas producións musicais resultantes da exploración, da selección e da combinación de movementos e de sons.

*O bloque 3 A música, o movemento e a danza,* está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

Os elementos da música e os seus referentes culturais non se disocian dela; por isto, tanto os contidos da linguaxe musical coma os referidos á música como expresión cultural están explícitos ou implícitos nos dous bloques.

A actividade do alumnado é moi importante para que esa aprendizaxe se produza. Non se trata só dunha actividade externa, senón, e fundamentalmente, dunha actividade mental que lle permita formular interrogantes e buscar estratexias para resolvelos, relacionar o que sabe co novo que se lle presenta e abordar novas propostas nas que a percepción, expresión, reflexión e intercambio de ideas formarán parte esencial do proceso de aprendizaxe. O traballo artístico deberá partir da experiencia persoal, dos saberes que o alumnado posúe social e colectivamente e da investigación e recoñecemento das propias características e posibilidades. A progresión do alumnado require de estratexias persoalizadas que lle permitan avanzar e afianzar destrezas, coñecementos e actitudes no ámbito musical. Neste contexto debe estar presente a loita contra os estereotipos e os roles preestablecidos, polo que se deben proporcionar oportunidades, alternativas e recursos múltiples que faciliten a reflexión e o desenvolvemento do xuízo crítico.

## OBXECTIVOS DA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética para promover a percepción e

a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

2. Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.
3. Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilizalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.
4. Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.
5. Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.
6. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións musicais.
7. Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.
8. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, a busca de información e a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.
9. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
10. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o

intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

11. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

12. Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

13. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo dos artistas e gozando como público na observación e recreación das súas propias producións.

14. Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

## 3.- AS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave da educación primaria son o conxunto de destrezas, coñecementos e actitudes axeitadas ao contexto que todo o alumnado debe alcanzar para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a integración social.

O currículo da Educación Primaria deberá incluír, de acordo co establecido no Anexo I do Real Decreto 1513/2006, do 7 de decembro, cando menos, as competencias básicas que a seguir citamos, precisando os obxectivos xerais que prevé a Xunta de Galicia con respecto a estas, así como unha descrición referida á achega á área de Música:

### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.

- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

*Achegas á área de Música:*

Permite o aumento significativo da riqueza en vocabulario específico; a participación en intercambios comunicativos sobre experiencias de audición e interpretación (coloquios, debates, diálogos); a descrición de procesos de traballo; a argumentación sobre as solucións dadas ou na valoración da obra artístico musical e o achegamento a textos variados (informativos, narrativos, descritivos) nos que se presente información sobre autores, intérpretes, épocas, estilos. Por outro lado, a linguaxe literaria presenta multitude de figuras retóricas (metáfora, sinestesia, onomatopea) de indubidable proxección e interese para o traballo de educación musical.

Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

*Achegas á área de Música:*

As experiencias levadas adiante por medio da Educación Artística van favorecer a percepción, estruturación e representación de contidos de concepto, procedemento e actitude ligados á percepción e estruturación do espazo (danza) e do tempo (ritmo). Fai posible o estudo e comparación de materiais empregados na área e a súa relación con prezos e ofertas puntuais, o que implica educación para o consumo, ámbito formativo que tamén pode atopar en Educación artístico-musical un referente esencial para o seu estímulo.

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer, valorar e gozar do medio natural, social e cultural; as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

*Achegas á área de Música:*

Estimular a apreciación do medio a través do traballo perceptivo e representativo con sons, ruídos e movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas. O medio pode ser pretexto para a creación artística; o traballo de educación musical explórao e incorpórao recreándoo para darlle unha dimensión que proporcione gozo e contribúa ao enriquecemento da vida das persoas. Por outra parte, a Educación artística musical ten en conta outra dimensión igualmente importante, a que compete ás agresións que deterioran a calidade de vida, como a contaminación acústica e a necesidade de contribuír a preservar un medio físico agradable e saudable.

COMPETENCIA DIXITAL

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Iniciarse no uso para a aprendizaxe das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- Empregar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

*Achegas á área de Música:*

A Educación artístico musical dá pulo á utilización básica do ordenador e do conxunto de tecnoloxías da información e comunicación para amosar procesos relacionados coas artes (acceso, observación e expresión). Permite a creación de producións artísticas integrando distintas linguaxes (plástica, visual, verbal, musical), a análise da imaxe, do son e das mensaxes que estes transmiten, a procura de información sobre manifestacións artísticas próximas á localidade

onde está o centro ou a aquelas que se celebren na Comunidade de Galicia para o seu coñecemento e gozo do alumnado, e, tamén, á selección ou intercambio de informacións referidas a creacións musicais do pasado e do presente doutros pobos, culturas e momentos. O seu emprego facilitará o achegamento, aprecio e consideración da obra musical como manifestación artística dentro dun determinado contexto sociocultural e a súa achega á cultura e pautas de vida da Comunidade de Galicia e do conxunto do Estado. Os traballos orientados a impulsar esta competencia incidirán na procura, selección, valoración, gravación e análise de propostas de raíces, instrumentos e autores.

### Competencias sociais e cívicas

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer e apreciar os valores e as normas da convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona o alumnado.
- Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, valorar e gozar do seu contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.

- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

*Achegas á área de Música:*

A área favorece a cooperación, a asunción de responsabilidades, o seguimento de normas e instrucións, o coidado e conservación de materiais e instrumentos. No ámbito da educación artística, a interpretación e a creación musical supón, en moitas ocasións, un traballo en equipo. O seguimento destes requisitos forma no compromiso cos demais, na esixencia que ten a realización en grupo, e na satisfacción que proporciona un produto que é froito do esforzo común. A planificación e realización de producións artístico musicais de forma cooperativa permite e esixe ir asumindo distintas funcións e colaborar na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final satisfactorio. O desenvolvemento desta competencia permitirá que os alumnos cheguen a participar de maneira máis activa en manifestacións vocais, instrumentais ou coreográficas relacionadas coa expresión de sentimentos e emocións propias e colectivas.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, e as posibilidades de defensa, mellora e conservación deste.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de gozo nas súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.
- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.

*Achegas á área de Música:*

Destacable resulta a achega da *competencia cultural e artística*. Así, o noso proxecto estuda os diferentes códigos artísticos, técnicas e recursos propios da audición e da expresión musical, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que o rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. Ademais, a posibilidade de representar unha idea, emoción ou sentimento de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes musical e corporal proporcionan.

A Comunidade de Galicia posúe un patrimonio cultural e artístico de enorme valor e proxección, representado por obras de indubidable interese estatal e universal. Ao tempo, os acontecementos artísticos de actualidade que nela teñen lugar (exposicións, feiras, certames) configuran un medio de gran riqueza e potencialidade para favorecer no alumnado o interese por gozar e aprender a través da arte. O desenvolvemento da área na súa dimensión musical achega os coñecementos esenciais para que o alumno chegue a analizar, sintetizar e valorar as manifestacións musicais máis significativas do folclore, da música popular, da música culta e da contribución que todas elas poden facer á vida persoal e á da Comunidade de Galicia. A materialización desta competencia favorecerá o coñecemento e aprecio de obras do folclore popular galego e de diferentes épocas e estilos, autores e intérpretes recoñecidos na Comunidade, no conxunto do territorio español e de transcendencia e repercusión europea e intercontinental.

En conxunto, o labor educativo exercido desde a Música favorece o coñecemento, a comprensión e a valoración das manifestacións artístico musicais do patrimonio cultural propio e doutros pobos. Poden colaborar na conservación e renovación das formas de expresión locais, autonómicas e estatais, estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo medio.

### COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na

aprendizaxe.

- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

*Achegas á área de Música:*

O traballo de pescuda sobre propostas musicais fai preciso a busca, no establecemento de pautas de análise e síntese, de inferencias e de avaliación crítica. Neste sentido, a área ha proporcionar protocolos de investigación e planificación de procesos susceptibles de seren empregados noutras aprendizaxes. O esforzo, o traballo constante e a disciplina que acompañan a boa práctica musical, tamén constitúen referentes de gran valor para estimular o aprender a aprender.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

*Obxectivos xerais do currículo oficial:*

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona.
- Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.
- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da persoalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

*Achegas á área de Música:*

As situacións de observación, escoita e expresión artístico musical favorecen o coñecemento dun mesmo, dos propios intereses, emocións e sentimentos, a exploración e pescuda dos mecanismos apropiados para definir posibilidades, a procura de solucións, o adquirir coñecementos e a elaboración de plans. Ao facer a exploración e pescuda dos mecanismos apropiados para definir posibilidades, buscar solucións e adquirir coñecementos, promóvese de forma relevante a autonomía e iniciativa persoal. O proceso que leva ao alumno desde a exploración inicial ata o produto final require unha planificación previa e demanda un esforzo por acadar resultados orixinais, non estereotipados. Por outra parte, esixe a elección de recursos tendo presente a intencionalidade expresiva do produto que se desexa lograr e a revisión constante do que se fixo en cada fase do proceso coa idea de melloralo se fose preciso. A creatividade esixe obrar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que tamén xera flexibilidade: ante un mesmo proxecto poden darse diferentes respostas e estas poden e deben adaptarse ás condicións que poidan presentarse na súa evolución.

## DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA PROGRAMACIÓN PARA A ÁREA DE MÚSICA

### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜISTICA

- Aplicar o vocabulario relacionado cos contidos da educación musical para posibilitar o avance do intercambio comunicativo e a expresión de emocións e opinións persoais.
- Escribir e ler os nomes das notas.
- Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) referidas ao tema da unidade didáctica.
- Aprender rimas, coplas, trabalinguas e adiviñas.
- Facer un comentario individual dos sons do contorno que escoitan, para discriminar na unidade, e das experiencias de contacto cos obxectos, seres vivos ou elementos da natureza que os producen.

- Ser capaces de elaborar preguntas coherentes sobre os elementos que caracterizan a linguaxe musical e manexar a diversidade de respostas.
- Describir de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais propios da nosa cultura.
- Describir de xeito significativo instrumentos musicais propios doutras culturas.
- Describir oralmente os diferentes elementos que observen nunha imaxe.
- Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
- Relacionar o ritmo musical e as palabras e frases escritas.
- Expor de forma ordenada valoracións relacionadas cos intereses musicais dos nosos compañeiros/as.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS CLAVE EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
- Traballar as figuras musicais e o silencio e a súa duración proporcional.
- Iniciar o ensino dos compases como unidade de medida na música escrita.
- Presentar, completar e construír os compases binarios e ternarios coa negra como unidade de pulso.
- Identificar e reproducir fórmulas e esquemas rítmicos sinxelos.
- Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática utilizada nos ritmogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
- Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
- Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan as cancións e as danzas.
- Saber apreciar o contorno que nos rodea a través dos sons ou movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas e realizar propostas para o seu avance.
- Escoitar, diferenciar e valorar as posibilidades sonoras dos obxectos que están próximos ao medio no que viven.
- Coñecer instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa orixe (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais...).

- Conocer visual e auditivamenteanimales domésticos e de granja, trabajando los parámetros del sonido.
- Coñecer visual e auditivamente:
  - Animais domésticos e de granxa, traballando os parámetros do son.
  - Animais do bosque e outros ecosistemas naturais, traballando os parámetros do son.
  - Os sons das máquinas que nos rodean na nosa vida.
  - Os medios de transporte, traballando os parámetros do son.
- Coñecer os fenómenos atmosféricos, discriminando os sons que xeran, traballando os parámetros do son.
- Discriminar os sons da casa e a educación dos alumnos na axuda da realización das tarefas caseiras, sen connotacións sexistas.
- Discriminar sons asociados con profesións.
- Diferenciar entre os sons que producen tranquilidade ou intranquilidade de xeito particular.

COMPETENCIA DIXITAL

- Presentar os aparellos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4...
- Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos propios da comunidade e doutras culturas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para:
  - Buscar e visualizar obxectos, fenómenos atmosféricos ou instrumentos que se citan no texto das cancións.
  - Buscar e visualizar obxectos, fenómenos atmosféricos ou instrumentos que participan nas audicións de música culta.
  - A procura e organización de informacións relacionadas coa música (concertos, biografías, crítica, prezos).
  - A creación musical.
  - A procura, selección, organización e interpretación de informacións sinxelas sobre as diferentes linguaxes musicais.

- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Describir de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais propios da nosa cultura.
- Describir de xeito significativo instrumentos musicais propios doutras culturas.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado do grupo satisfactorio.
- Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
- Respectar as quendas de xogo.
- Respectar e ter actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
- Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
- Fomentar a práctica e o respecto das normas cívicas e dos aspectos da educación viaria.
- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
- Ser capaz de valorar as obras musicais procedentes doutras comunidades españolas, europeas ou universais.
- Discriminar as semellanzas e diferenzas respecto ás emocións e sentimentos evocados por algunhas manifestacións musicais en nós e nas persoas que nos rodean
- Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.
- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Gozar coa audición e contemplación de manifestacións artístico musicais da nosa comunidade valorándoas como elementos significativos do patrimonio

cultural propio.

- Expor de forma clara e ordenada, valoracións relacionadas cos intereses musicais dos que nos rodean.
- Respectar as manifestacións musicais das diferentes zonas da nosa comunidade.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

- Ampliar as posibilidades de comunicación cos demais e de expresión persoal mediante a utilización de recursos musicais.
- Manifestar actitudes de coidado dos materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, interpretación e creación musical.
- Percibir e comprender o mundo no que viven cando escoiten sons do seu contorno, gozando do mesmo e valorándoo.
- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexa na escola e os que soan nas audicións de música culta.
- Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
- Ser capaz de valorar as obras musicais procedentes doutras comunidades españolas, europeas ou universais.
- Escoitar e aprender a música culta mediante a participación activa, fomentando o interese pola música dos nosos devanceiros.
- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Valorar as manifestacións culturais do folclore da nosa comunidade e doutras culturas.
- Expor de forma clara e ordenada, valoracións relacionadas cos intereses musicais dos que nos rodean.
- Representar sons mediante a expresión plástica.
- Debuxar os instrumentos escolares que coñecen.

- Respectar as manifestacións musicais das diferentes zonas da nosa comundade
- Finalizar debuxos e colorear con interese e pulcritude.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc).
- Potenciar a expresión corporal na dramatización de cancións e na música culta.
- Gozar coa audición e contemplación de manifestacións artístico musicais da nosa comunidade valorándoas como elementos significativos do patrimonio cultural propio.
- Fomentar as relacións e o contacto entre os mozos/as sen rexeitar ou discriminar a ninguén.
- Valorar o corpo e a voz nas actividades de canto, movemento, danza e dramatización, desenvolvendo a sensibilidade necesaria para aprecialo.
- Realizar un traballo creativo, responsable e entusiasta para conseguir un resultado positivo nas actividades de grupo; dentro dun marco de cooperación entre os alumnos/as.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc...).

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc...).
- Coordinar diversos recursos expresivos (canto, mimo, movemento rítmico e danza) nas producións musicais propias e colectivas.
- Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros conseguidos por medio da autoavaliación.
- Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas, así como nos acabados plásticos das follas

- Expor de forma ordenada valoracións relacionadas cos intereses musicais dos nosos compañeiros/as.
- Traballar a iniciativa individual e a cooperación nas montaxes coreográficas acomodadas ao seu nivel de desenvolvemento.
- Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
- Describir de xeito significativo instrumentos musicais propios doutras culturas.
- Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
- Describir de xeito ordenado e significativa instrumentos musicais propios da cultura da nosa comunidade.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e organización de informacións relacionadas coa música
- Elaborar algunha ficha en grupo ou por parellas para aprender uns doutros na posta en común, respectando as opinións dos compañeiros/as.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

- Ampliar as posibilidades de comunicación cos demais e de expresión persoal mediante a utilización de recursos musicais.
- Discriminar as semellanzas e diferenzas respecto ás emocións e sentimentos evocados por algunhas manifestacións musicais en nós e nas persoas que nos rodean.
- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións e as coreografías (en grupo), ademais de fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas aos eloxios e ánimos do profesorado.
- Valorar e coidar a voz, cantando sen forzar as cordas vocais, de forma natural e desinhibida.
- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc).

- Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos que poidan xurdir ao formar parellas, grupos, quendas de xogo...
- Representar escenas e personaxes con diferentes recursos: mímica, ritmo e canto.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e organización de informacións relacionadas coa música, así como para a creación musical.
- Manifestar actitudes de coidado dos materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, interpretación e creación musical.
- Saber apreciar o contorno que nos rodea a través dos sons ou movementos presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas e realizar propostas para o seu avance.
- Fomentar a práctica de respecto das normas cívicas e de educación viaria.
- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura, selección, organización e interpretación de informacións sinxelas sobre as diferentes linguaxes musicais.

## 4.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Finalidade: garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas:

Alumnos con dificultade de aprendizaxe:

- Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.
- Realzar adaptacións que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.
- Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das adaptacións.

Alumnos con altas capacidades intelectuais:

- Flexibilizar a duración das etapas educativas.

## 5.- OS CONTIDOS TRANSVERSAIS

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, atravésano ou imprégnano. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. A **LOE**, no seu artigo 19. 2, de principios pedagóxicos, determina que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.

Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación que se poderían plasmar na área de Música desta maneira:

### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Amosar actitudes de solidariedade, colaboración e axuda á hora de realizar actividades de grupo.
- Aceptar as limitacións propias e respectar as dos demais.
- Valorar o noso patrimonio musical, como parte do patrimonio cultural e artístico de Galicia.

### EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Partir do diálogo como principio para resolver os conflitos.
- Aprender a non impoñer as nosas propostas frontes ás dos demais.
- Tentar ofrecer a nosa propia experiencia como forma de axuda á dos demais, principalmente na realización de actividades en grupo.

### EDUCACIÓN AMBIENTAL E PARA A SAÚDE

- Coidar a hixiene do aparato vocal mediante o control da voz, a respiración, a articulación ..., para poder cantar e falar correctamente.

- Potenciar a través da música, a capacidade de relaxación e control para eliminar tensións.
- Desenvolvemento de actitudes críticas sobre a contaminación acústica e os posibles prexuízos que esta produce na nosa saúde.
- Valorar e procurar o silencio como condición necesaria para o desenvolvemento das experiencias musicais.

### EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE

- Ser quen de ensinar ao noso alumnado a necesidade de actuar con responsabilidade diante da cantidade de música que o mercado ofrece, evitando a influencia perniciosa da publicidade.

### CULTURA DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Usar a música como medio ideal para coñecer as manifestacións culturais de Galicia, e a partir de aquí as doutras comunidades españolas, europeas e universais.

## 6.- A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

A avaliación debe abranguer tanto a actividade de ensinanza coma a de aprendizaxe e que debe ser constituído un proceso continuo, sistemático, flexible e integrador. Este proceso ten como obxectivos:

- Coñecer a situación de partida dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar a formulación dun modelo de actuación adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
- Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos.
- Tomar as decisións necesarias para adecuar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos nos seus procesos de aprendizaxe.

### OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O currículo oficial establece uns criterios que constitúen enunciados que indican que avaliar *para cada área*. Os centros deberán concretar e adaptar estes criterios nas súas propostas curriculares.

Estes criterios terán en conta:

- O progreso do alumno en todas as áreas do currículo.
- Os diferentes elementos do currículo.
- A adquisición das competencias básicas.
- A necesidade de establecer medidas de reforzo.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe son os distintos niveis de coñecemento e habilidades (contidos e competencias) establecidos para o alumnado por cada materia etapa ou nivel obxecto de avaliación. Os devanditos estándares establecen o que os alumnos e as alumnas deben aprender e,

consecuentemente, o que o profesorado ha de ensinar. E é, precisamente, na devandita proposta formativa onde os estándares de aprendizaxe xogan un papel instrumental (ferramenta de avaliación) para determinar o logro do alí estipulado. Os estándares de aprendizaxe deben reunir unha serie de características na súa elaboración:

- Incluír unha ampla gama de coñecementos e/ou habilidades que o alumnado ha de alcanzar.
- Ser avaliables; é dicir que poidan ser medibles a través de instrumentos homologados, evitando xuízos de valor.
- Estar formulado de xeito claro e conciso.
- Incorporar niveis de aprendizaxe que permitan categorizar os progresos do alumnado.
- Ser pertinentes en canto ao nivel de esixencia e as posibilidades do alumnado ao que se dirixe.
- Ser inclusivos, respetando a diversidade nos estilos de ensino do profesorado e do alumnado.

### PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Se a avaliación constitúe un proceso flexible os procedementos terán que ser de diversa índole, entre outros, contemplaremos:

- A observación.
- Cuestionarios orais e fichas escritas.
- Entrevistas.
- Probas configuradas como síntese dos contidos máis significativos traballados no proceso de ensinanza aprendizaxe.

### AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA

As normas de avaliación en Educación Primaria establecen que os profesores avaliarán os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo. Esta avaliación incluirá

referencias a aspectos tales como:

- A organización da aula.
- A relación entre o profesorado e o alumnado.
- A relación entre o profesorado.
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- A convivencia entre o alumnado.

### DECISIÓNS ACERCA DA AVALIACIÓN

Ao abeiro do currículo oficial, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera que os alumnos vaian acadando ao longo da Educación Primaria con respecto ás competencias básicas e ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais. O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados ha de ser medidocon flexibilidade, e tendo en conta a situación do alumno, ademais das súas propias características e posibilidades. Á súa vez, a avaliación, cumpre, fundamentalmente, unha función formativa, porque lle ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas.

Para que os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe poidan cumprir esta función formativa cómpre que se utilicen desde o comezo do proceso de aprendizaxe; así pois éfundamental contar cos criterios para cada curso, xa que canto antes se identifiquen posibles dificultades de aprendizaxe, antes se poderá corrixir a intervención pedagóxica.

cada parte da avaliación terá as seguintes porcentaxes:

| | |
|---|---|
| EXAMES ESCRITOS/ORAIS/PRÁCTICOS | 60% |
| TRABALLO AULA/CASA(Tarefas, actividades,libreta,taballo en equipo,saídas á pizarra,interpretación vocal,instrumental, movemento e audición) | 20% |
| ACTITUDE(esforzo,participación,atención, comportamento) | 20% |

*No caso dun confinamento, poderase sumar a porcentaxe dos exames escritos aos traballos entregados polas plataformas requeridas, ou aplicarse unicamente a probas obxectivas realizadas por videoconferencia, videogravación, ou outros medios telemáticos requeridos.

## 7.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Baséase nos principios de intervención educativa e tenderá a ensinar a utilizar os medios previstos en caso de confinamento (videoconferencia, aula virtual, plataforma E-Dixgal....)

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, para construír outras aprendizaxes que o favorezan e melloren.
- Destácase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas no traballo da área que nos ocupa.
- Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan.
- Facilítanse as oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu.

Estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan quen de aprender de forma autónoma e saiban utilizar os medios dixitais necesarios no caso dun confinamento.

## OS PRINCIPIOS DIDÁCTICOS

Analizando as orientacións xerais da etapa e as específicas para a área de Música extráense un conxunto de principios marco que describimos a continuación:

### *1. Promover o desenvolvemento de competencias básicas*

Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles aos alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse dun xeito eficaz na sociedade en que viven.

Os currículos actuais subliñan nos obxectivos xerais da etapa, nos obxectivos das áreas e nos criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, procura e selección de información significativa etc.) que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma.

A **LOE** xa identifica, nos compoñentes do currículo, as competencias básicas. **As competencias** van constituír un referente de capacidade nos alumnos para saber facer, para obrar; serán concretadas na área de Música, que é a que nos ocupa e configurarán un dos eixes esenciais para guiar o proceso de ensinanza aprendizaxe e o proceso avaliador.

### *2. Considerar o nivel de capacidade do alumno*

Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos.

### *3. Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos por medio do enfoque globalizador*

A área é a forma básica de estruturación dos contidos en primaria. Esta forma de organización curricular facilita o seu tratamento rigoroso e contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Isto pode facerse *tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas que*

*comentamos*; tamén e máis concretamente, por medio dos contidos comúns transversais que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento que se nos presenten.

*4. Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación*

Diversas investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento do alumnado. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial.

Os obxectivos da etapa, os obxectivos das áreas e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensinanza aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

## 8.- CONTIDOS(SUXEITOS AOS 3M DE DISTANCIA NO CASO DO CANTO E FRAUTA)

### BLOQUE 1. ESCOITA

- Audición demúsicacontemporánea, e investigacióne valoración das posibilidadesdoson.
- Identificación eapreciación das calidades dos sonsdocontexto.
- Identificación eapreciación de formas musicaissinxelas.
- Identificación a travésdaescoita de tipos devoces(soprano, contralto, tenor ebaixo), instrumentos, variaciónse contrastes develocidade.
- Valoración e interesepola música de diferentes épocase culturas, nomeadamente agalega.
- Audición activa ecomentadade música variada da nosacultura e doutrasculturas.
- Actitude atenta, silenciosae respectuosa durante a audicióndemúsica e/ou na asistenciaa representacións musicais.

- Indagación sobre asnormasque regulan apropiedadeintelectual. Valoracióne presentación dosresultados.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Exploración dasposibilidadessonoras e expresivas davoz.
- Interpretación de pezasconinstrumentos de aula e/oufrauta doce.
- Interpretación,memorizacióne improvisación guiada decancións a unha ou variasvoces, desenvolvendo progresivamentea dicción, a afinación e atécnica vocal.Canon.
- Recoñecemento de tiposdeinstrumentos acústicos e electrónicos,agrupaciónsinstrumentais e vocais, erexistrosdavoz.
- Utilización dasgrafíasconvencionais na lectura,naescritura e na interpretacióndecancións e de pezasinstrumentais sinxelas.
- Gravación e rexistrodas interpretacións paraunhavaloración e unhaanálise posteriores.
- Interese pola melloradoproceso de interpretación edoresultadofinal.
- Traballocooperativo,asumindo asresponsabilidadesque lle correspondane respectando as achegasdas demais persoas dogrupo.
- Creación demensaxesmusicais con contidoexpresivo,combinando elementos sonorose corporais diversos.
- Utilización dos mediosdecomunicación e de internet paraa procura de información, ensoporte impreso e dixital,sobre instrumentos,compositores/as,intérpretes e eventos musicaisdeinterese.
- Exploracióndas posibilidades sonoras eexpresivasdos medios audiovisuais e tecnolóxicos paracomunicar. Creación de cuñas radiofónicase videoanuncios.
- Utilización dosmediosaudiovisuais e dosrecursosinformáticos para a sonorizacióndeimaxes, contos, poemas erefráns, dobraxe de películas etc., e paraa creación de producións propias.

BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA

- Identificación do corpocomo instrumento. Indagacióne valoración sobre asposibilidades expresivas e comunicativasdocorpo en distintasrepresentaciónsartísticas ou situaciónscotiás.
- Valoración erecoñecemento das danzas e a súa contribuciónaonoso patrimonio artístico ecultural.
- Interpretación dedanzascoidando a coordinaciónindividualecolectiva.

- Invención decoreografíassinxelas para cancións epezasmusicais de diferentesestilos.
- Gravación e rexistrodas danzas interpretadas. Análisedevaloración doproduto.

## 9.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### BLOQUE 1: ESCOITA

- Entender a vozcomo instrumento e recursoexpresivo, partindo da canción e dassúasposibilidades para interpretar,creareimprovisar.
- Interpretarcomposiciónssinxelas queconteñanprocedementos musicaisderepetición, variación e contraste,ensolitario ou en grupo, mediantea voz ou instrumentos, utilizandoa linguaxe musical, asumindoa responsabilidade nainterpretaciónen grupo e respectando tantoasachegas das demais persoascomo a persoa que asuma adirección
- Explorar e utilizarasposibilidades sonoras eexpresivasde diferentesmateriais, instrumentos edispositivoselectrónicos.

### BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Utilizar a escoita musicalpara indagar nas posibilidades doson,de maneira que sirvan comomarco de referencia paracreaciónspropias.
- Analizar a organizacióndeobras musicais sinxelas edescribir os elementos que ascompoñen
- Coñecer exemplos deobrasvariadas da nosa edoutrasculturas, para valorar opatrimonio musical, valorando aimportancia do seu mantemento e dasúadifusión, e do respecto coque deben afrontar as audicións easrepresentacións.

### BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA

- Adquirircapacidadesexpresivas e creativas queofrecena expresión corporal e adanza,valorar a súa achegaaopatrimonio, e gozar coasúainterpretación como unha formadeinteracciónsocial.

## 10.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

BLOQUE 1: ESCOITA

- Identifica, clasificae describe as calidades dossonsdo contexto natural esocial, utilizando unvocabulario preciso.
- Distingue tiposdevoces, instrumentos,variaciónse contrastes de velocidadee intensidade, tras a escoitadeobras musicais, concapacidadepara emitir unhavaloracióndestas.
- Interésasepor descubrir obras musicaisde diferentes características,e utilízaas como marcodereferencia para ascreaciónspropias.
- Coñece, entendee cumpre as normasdecomportamento en audiciónse representaciónsmusicais.
- Comprende, aceptae respecta o contido dasnormasque regulan apropiedadeintelectual canto á reproducióne a copia de obrasmusicais.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Recoñece edescribeas calidades da voz a travésdeaudicións diversas, erecréaas.
- Recoñece eclasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentesrexistrosda voz, e agrupacións vocaise instrumentais.
- Utiliza alinguaxemusical para a interpretacióndeobras.
- Traduce álinguaxemusical convencional melodíase ritmossinxelos.
- Interpretapezasvocais e instrumentaisdediferentes épocas, estilose culturas paradistintosagrupamentos, con esenacompañamento
- Coñece einterpreta cancións de distintoslugares, épocas e estilos, e valora asúaachega aoenriquecemento persoal, social ecultural.
- Amosa respectopolo traballo das demais persoase responsabilidade notraballo individual ecolectivo.

- Analizaasinterpretacións feitas,recoñece erros e amosa interesepor traballar paracorrixilos.
- Procurainformaciónbibliográfica, en mediosdecomunicación e eninternetsobreinstrumentos, compositores/as, intérpretese eventos musicais.
- Presenta e expóna información de xeitoclaro,ordenado e limpo envariossoportes.
- Utiliza osmediosaudiovisuais erecursosinformáticos para crearpezasmusicais e para asonorizaciónde imaxes erepresentaciónsdramáticas.

## BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA

- Identifica ocorpocomo instrumento paraa expresión de sentimentose emocións, e como formadeinteracciónsocial.
- Controla a posturae a coordinación coamúsica cando interpretadanzas.
- Coñece danzasdedistintas épocas e lugares,e valora a súa achegaaopatrimonio artístico ecultural.
- Reproduce egozainterpretandodanzastradicionais españolas,e entende a importancia dasúacontinuidade e o trasladoásxeracións futuras.
- Inventacoreografíasde grupo que correspondencoaforma interna dunhaobra musical e supón unhaorde espacial etemporal.
- Analiza asdanzasrealizadas, recoñece os errose amosa interese por melloraro produto.
- Respecta otraballo en grupo e participa nel dexeito pracenteiro, amosando confianza naspropiasposibilidades e nas dasdemais persoas.
- Amosarespecto polas demais persoase colaboración conelas.

## 11.- SECUENCIACIÓN POR TRIMESTRES

<u>1º TRIMESTRE</u>

| TAREFA | | |
|---|---|---|
| Interpretación vocal das seguintes cancións con xestos asociados:<br>"A saia da Carolina"<br>"Adiviña que é?"<br>"Eu son un artista" | Contidos | - Identificación eapreciación de formas musicaissinxelas.<br>- Actitude atenta, silenciosae respectuosa durante a audicióndemúsica e/ou na asistenciaa representacións musicais |

| | | |
|---|---|---|
| “Cun sombreiriño de palla” | Criterios de avaliación |  Entender a vozcomo instrumento e recursoexpresivo, partindo da canción e dassúasposibilidades para interpretar,creareimprovisar.<br> Interpretarcomposiciónssinxelas queconteñanprocedementos musicaisderepetición, variación e contraste,ensolitario ou en grupo, mediantea voz ou instrumentos, utilizandoa linguaxe musical, asumindoa responsabilidade nainterpretaciónen grupo e respectando tantoasachegas das demais persoascomo a persoa que asuma adirección |
| | Estándar de aprendizaxe |  Identifica, clasificae describe as calidades dossonsdo contexto natural esocial, utilizando unvocabulario preciso.<br> Coñece, entendee cumpre as normasdecomportamento en audiciónse representaciónsmusicais. |
| | Competencias | CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo | Cumpre as normas da actividade de escoita e participa no canto e no baile. |

| | | |
|---|---|---|
| Grafía convencional:<br>Figuras e silencios, as notas no pentagrama,a plica, o acnto e a anacruse, a ligadura de unión, o punto, | Contidos |  Utilización dasgrafíasconvencionais na lectura,naescritura e na interpretacióndecancións e de pezasinstrumentais sinxelas<br> Utiliza alinguaxemusical para a interpretacióndeobras. |
| | Criterios de avaliación |  Interpretarcomposiciónssinxelas queconteñanprocedementos musicaisderepetición, variación e contraste,ensolitario ou en grupo, mediantea voz ou instrumentos, utilizandoa linguaxe musical, asumindoa responsabilidade nainterpretaciónen grupo e respectando tantoasachegas das demais persoascomo a persoa que asuma adirección |
| | Estándar de aprendizaxe |  Utiliza alinguaxemusical para a interpretacióndeobras.<br> Traduce álinguaxemusical convencional melodíase ritmossinxelos.<br> Interpretapezasvocais e instrumentaisdediferentes épocas, estilose culturas paradistintosagrupamentos, con esenacompañamento<br> Coñece einterpreta cancións de distintoslugares, épocas e estilos, e valora asúaachega aoenriquecemento persoal, social ecultural. |

| | | |
|---|---|---|
| | Competencias |  CCL, CCEC, CMCT, CAA |
| | Criterio mínimo |  Coñece e aplica correctamente as grafías musicais. |
| A frauta:<br>Interpretación de diferentes cancións e exercicios. | Contidos |  Interpretación de pezasconinstrumentos de aula e/oufrauta doce.<br> Interpretación,memorizacióne improvisación guiada decancións a unha ou variasvoces, desenvolvendo progresivamentea dicción, a afinación e atécnica vocal.Canon.<br> Utilización dasgrafíasconvencionais na lectura,naescritura e na interpretacióndecancións e de pezasinstrumentais sinxelas.<br> Gravación e rexistrodas interpretacións paraunhavaloración e unhaanálise posteriores.<br> Interese pola melloradoproceso de interpretación edoresultadofinal. |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterios de avaliación |  Coñecer exemplos deobrasvariadas da nosa edoutrasculturas, para valorar opatrimonio musical, valorando aimportancia do seu mantemento e dasúadifusión, e do respecto coque deben afrontar as audicións easrepresentacións. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Utiliza alinguaxemusical para a interpretacióndeobras.<br> Traduce álinguaxemusical convencional melodíase ritmossinxelos.<br> Interpretapezasvocais e instrumentaisdediferentes épocas, estilose culturas paradistintosagrupamentos, con esenacompañamento<br> Coñece einterpreta cancións de distintoslugares, épocas e estilos, e valora asúaachega aoenriquecemento persoal, social ecultural. |
| | Competencias |  CCL, CAA, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Colle a frauta correctamente, soprando cunha intensidade adecuada e realizando a dixitación correspondente de cada nota. |

| | | |
|---|---|---|
| Tipos de voces e as súas agrupacións. | Contidos |  Identificación a travésdaescoita de tipos devoces(soprano, contralto, tenor ebaixo), instrumentos, variaciónse contrastes develocidade.<br> Valoración e interesepola música de diferentes épocase culturas, nomeadamente agalega. |
| | Criterios de avaliación |  Entender a vozcomo instrumento e recursoexpresivo, partindo da canción e dassúasposibilidades para interpretar,creareimprovisar.<br> Exploración dasposibilidadessonoras e expresivas davoz. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Recoñece edescribeas calidades da voz a travésdeaudicións diversas, erecréaas.<br> Distingue tiposdevoces, instrumentos,variaciónse contrastes de velocidadee intensidade, tras a escoitadeobras musicais, concapacidadepara emitir unhavaloracióndestas. |
| | Competencias |  CCL, CSC, CCEC |
| | Criterio mínimo |  Diferenciar entre voces masculinas e femininas, así como as pequenas agrupacións fronte a un coro. |

| | | |
|---|---|---|
| Instrumentos de percusión da aula: altura determinada e indeterminada. | Contidos |  Identificación eapreciación de formas musicaissinxelas.<br> Valoración e interesepola música de diferentes épocase culturas, nomeadamente agalega.<br> Interpretación de pezasconinstrumentos de aula e/oufrauta doce. |
| | Criterios de avaliación |  Interpretarcomposiciónssinxelas queconteñanprocedementos musicaisderepetición, variación e contraste,ensolitario ou en grupo, mediantea voz ou instrumentos, utilizandoa linguaxe musical, asumindoa responsabilidade nainterpretaciónen grupo e respectando tantoasachegas das demais persoascomo a persoa que asuma adirección. |
| | Estándar de aprendizaxe |  Distingue tiposdevoces, instrumentos,variaciónse contrastes de velocidadee intensidade, tras a escoitadeobras musicais, concapacidadepara emitir unhavaloracióndestas.<br> Utiliza alinguaxemusical para a interpretacióndeobras. |
| | Competencias | CCL, CMCT, CCEC |

| | | |
|---|---|---|
| | Criterio mínimo |  Recoñece auditivamente os distintos instrumentos da aula.<br>Manexa axeitadamente os distintos instrumentos. |
| Musicogramas:<br>“Arrumbo”<br>“O voo doabellón”<br>“La Tempranica” | Contidos |  Identificación eapreciación de formas musicaissinxelas.<br> Valoración e interesepola música de diferentes épocase culturas, nomeadamente agalega.<br> Actitude atenta, silenciosae respectuosa durante a audicióndemúsica e/ou na asistenciaa representacións musicais.<br> Utilización dasgrafíasconvencionais na lectura,naescritura e na interpretacióndecancións e de pezasinstrumentais sinxelas |
| | Criterios de avaliación |  Analizar a organizacióndeobras musicais sinxelas edescribir os elementos que ascompoñen |
